Sobre a dotación de medios humanos e materiais do Xulgado de Instrución Número 1 de Lugo, as actuacións previstas e o compromiso do Goberno galego ao respecto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada, **Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce**, ao abeiro do disposto no artigo 144 Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** do **Sr. conselleiro de Economía e Industria** para dar conta das xestións realizadas polo Goberno galego diante dos cambios na estratexia empresarial de Pemex.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/02/2015 13:34:53

José Manuel Gallego Lomba na data 25/02/2015 13:35:00

Beatriz Sestayo Doce na data 25/02/2015 13:35:06

**XUNTA DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 2 MAR. 2015

Núm. 34260



Solicitolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da secretaria xeral da Igualdade para dar conta "**do Informe anual 2014 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia**", coa finalidade de dar cumprimento ao sinalado na disposición adicional cuarta da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Iglesias Sueiro, deputada do **Grupo Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**:

O colectivo de afectados pola Hepatite C denuncia a perda premeditada de expedientes de solicitude de tratamento para retrasar o acceso aos medicamentos dos doentes prescritos.

Considérase este feito unha cuestión de acentuada relevancia en tanto en cuanto a demora no tratamento compromete a vida dos doentes de Hepatite C que só reciben o tratamento que pode curalos cando se atopan nas fases máis críticas da doenza.

Asemade, denuncia o colectivo unha actuación interesada por parte da administración con fins espurios –retrasar o acceso aos medicamentos- que compromete a independencia da administración do executivo e pon baixo sospeita aos profesionais que traballan na mesma cargando estes últimos cun novo argumento que sumar no inxusto desprestixio ao que ten sido sometido nos últimos tempos.

A denuncia é gravísima e é por elo que se formulan a seguinte **interpelación**:


- Que actuacións está a levar a cabo o Goberno galego para investigar, aclarar e resarcir aos doentes cuxos expedientes solicitando tratamento para a Hepatite C foron extraviados?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asdo.:


Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 20/02/2015 12:41:07





Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa ao accidente ferroviario de Angrois.

Hoxe presentan as vítimas do accidente de Angrois as máis de cen mil sinaturas para que se constituía, neste caso no Congreso, unha comisión de investigación. Aquí denegouse porque se ía estudar no Congreso. O certo é que non se investiga en ningures no eido político (a subcomisión parlamentar apenas foi outra cousa que un dos primeiros enganados do bipartidismo neste tema). Incluso a Comisión ministerial sobre accidentes ferroviarios incumpe a normativa europea, con sanción incluída, por non ser independente. No entanto os mortos, a dor e as mentiras non se depuran nunha falla de respecto flagrante para coa nosa sociedade.

O presidente de Adif, Gonzalo Ferre, negou que o tramo de liña ferroviaria entre Ourense e Santiago, onde en xullo de 2013 se produciu un accidente dun tren Alvia en Angrois que se cobrou a vida de 79 persoas e deixou máis dun centenar de feridos, sexa unha vía de alta velocidade.

Fíxoo durante a súa comparecencia, o pasado mércores 11, ante a subcomisión de estudo e análise do sistema ferroviario español do Congreso. Nela afirmou que o tramo Ourense-Santiago está xestionado pola empresa Adif e non por Adif Alta Velocidade porque non é unha liña de alta velocidade", senón unha liña convencional. Non obstante, esta afirmación contrasta coa propia Declaración sobre a Rede de Adif na súa versión actualizada de 2014, na que se sinaliza o tramo Ourense-Santiago como de alta velocidade, aínda que non se inclúa nos traxectos que xestiona Adif Alta Velocidad.

Ademais, os informes periciais coñecidos ata agora (cinco de seis, ao non ter sido trasladado ás partes o elaborado por Adif) coinciden en definir a liña Ourense-Santiago (denominada 'LAV082') como alta velocidade. Así, salientan cuestións sobre o proxecto

construtivo, a súa licitación e adxudicación, e como esta "concíbese como unha liña interoperable integrada na rede transeuropea de Alta Velocidade".

Por outra banda o coñecemento de informes periciais evidencian tanto o cambio do proxecto orixinal coma a non adopción de medidas de seguridade paliativas ante a redución dos parámetros de seguridade realizados polo cambio do proxecto.

Neste asunto dirimiranse as responsabilidades penais que houber, pero estase a negar a posibilidade de determinar e depurar responsabilidades políticas nun asunto de tanta gravidade, o ser o maior accidente ferroviario da historia deste país, con 81 mortos, o que é imprescindible para o futuro e a saúde democrática deste país.

Houbo quen dende postos de responsabilidade tomou as decisións necesarias para acelerar as obras, aprobar a non posta en funcionamento do ERTMS, e que non tomou decisións para mellorar a sinalización, ou aplicar sistemas de redución automática da velocidade, que salvagardaran a vida das persoas en caso do sempre probable erro humano.

As vítimas e os seus familiares reclaman unha Comisión de Investigación porque queren que se asuman responsabilidades polos auténticos responsables, e que non aconteza que coma sempre pague o traballador, neste caso o maquinista.

Por todo o anterior o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte interpelación:

- Por qué se negan a constituír unha comisión de investigación no Parlamento Galego para determinar as responsabilidades políticas que poideran derivarse do accidente ferroviario de Angrois?
- Non semella unha esixencia ética, para a Xunta, cumprir unha demanda unánime das vítimas e as súas familias e amizades cal é a comisión de investigación?
- Considera que o cambio do proxecto orixinal e a non adopción de medidas de seguridade paliativas no tramo do accidente non son elementos clave que explican o accidente?

En Compostela, a 24 de febreiro do 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 24/02/2015 14:05:51

Anton Sánchez García na data 24/02/2015 14:05:54



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ás demandas realizadas ao Goberno central para que a actividade do arrastre se poida desenvolver nas mesmas condicións que os barcos lusos para impedir o seu despezamento.

O día 16 de decembro de 2013 asinábase en Bruxelas un Acordo pesqueiro entre o Estado español e a república de Portugal, que permitía regular a actividade pesqueira en augas de ambos países. Este acordo era a renovación doutro firmado unha década antes e que entre outras medidas permitía a discriminación entre diferentes flotas no referente a días de pesca, capturas e aceso aos mercados, etc.

Curiosamente este Acordo foi modificado o 24 de marzo de 2014 polo cal a flota portuguesa volvía “poder faenar nas mesmas condicións que con anterioridade”. Esta modificación levada a cabo a costas da flota galega trouxo consigo que o BNG presentara unha Proposición non de lei para restituír o Acordo, que foi rexeitada polo PP. Este rexeitamento provocou que o propio sector forzara ao Secretario Xeral do Mar na reunión que tivo lugar na Comisión Sectorial de Arrastre do Consello Galego de Pesca, o 14 de maio de 2014 esixindo que se cumpra o acordado en decembro, e reclamar a Madrid, que recuperase a cláusula onde se prohibía traballar os fins de semana.

Para facer cumprir este compromiso o propio sector presentou unha Proposición non de lei que foi referendada por tódolos grupos da Cámara esixindo recuperar os criterios do Acordo, isto é: “garantir as mesmas condicións de igualdade a poder pescar nas augas de Galiza”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A pesar deste compromiso da Cámara galega, nada ten mudado, salvo o sector si que ten agravado a súa situación provocada fundamentalmente polas escaseza de cotas, o aumento das inspeccións, a perda de mercados, o despezamento, a implantación das ITQs, a venda do dereito a poder pescar, etc, o que supón que un bo número de embarcacións están pensando en abandonar esta actividade e acollerse aos incentivos promovidos pola política pesqueira europea e avalados polo Goberno galego.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte Interpelación:

1º.- Cantos armadores galegos compraron barcos lusos? Cantos destes armadores teñen solicitado o despezamento e posteriormente comprar outro barco doutra nacionalidade? Que razóns considera a Xunta que obriga aos armadores a comprar barcos lusos?

2º.- Cantas embarcacións non existen e seguen mantendo as cotas de pesca? Ten constancia a Xunta de Galiza de que se está a comprar ou intercambiar cotas para conseguir maiores posibilidades de pesca? Que prezos se barallan por quilo de peixe? E pola totalidade da cota?

3º.- Ten constancia do aumento das inspeccións a flota do arrastre? Como poden ser tan dispares os avais que se lle impoñen a flota lusa con respecto a galega? Como se explica a Xunta que haxa tantas infraccións por parte da nosa flota? Que medidas pensa adoptar para evitar que cometan infraccións e que as mesmas sexan en cuantías tan elevadas? Como se explica que cada vez que se alega a unha proposta de sanción esta acabe aumentando e nalgúns casos duplicándose?

4º.- Cantas capturas pode pescar un barco luso de xurelo? E un galego? Cantos días pode pescar un barco luso? E un galego? Que chega antes ao mercado do luns? Como se pode competir con tanta desigualdade nas condicións en augas propias?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5º.- E coñecedora a Xunta de Galiza de que as embarcacións portuguesas traballan con tren de bolos? A que cree que é debido que os mellores técnicos: patróns, contramestres, maquinistas,... están enrolados nos barcos de pavillón luso?

6º.- Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galiza para impedir o despezamento da flota de arrastre litoral? Vai demandar do Goberno central que esta actividade se poida desenvolver nas mesmas condicións que os barcos lusos?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 24/02/2015 16:25:14



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**.

En 2013 o presidente da Xunta negociou a venda do estaleiro Barreras a petroleira mexicana Pemex. A venda faise a prezo de saldo, pouco máis de 10 millóns de euros. Ao mesmo tempo Feijóo anunciaba carga de traballo, unha serie de floteis, que serían a salvación de Ferrol e Vigo. Estamos en 2015, Pemex non construírá os floteis, e sobre os traballadores e traballadoras pende a ameaza dun ERE que os pode deixar na rúa. Unha vez máis vemos como o Goberno galego actúa como comercial e non como goberno, confirmándose así que á petroleira mexicana só lle interesaba a tecnoloxía de Barreras, por iso a comprou.

Ante esta situación formulamos a seguinte Interpelación:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para que a mexicana Pemex, de existir compromisos, os cumpra?
2. Que ten que dicir o Goberno galego da nova situación de Pemex?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adón Villamarín na data 24/02/2015 18:59:02

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/02/2015 18:59:09



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**.

O autoconsumo implica aforro enerxético, eficiencia nas redes de transporte e redución de prezos de mercado. Trátase tamén dunha aposta tanto polas enerxías limpas, e xa que logo, pola redución das emisións contaminantes, como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade. A posibilidade de que os consumidores xeren a súa propia electricidade implica consecuencias extraordinariamente positivas no eido económico e social do país. O autoconsumo pode e deber ser unha alternativa de futuro aos actuais sistemas de xeración de enerxía eléctrica.

Xa que logo, é necesario impulsar o autoconsumo, tal e como veñen demandando dende hai anos moitos consumidores e pequenas empresas, deseñando un marco normativo favorábel ligado á concepción do balance neto, pola cal un cliente que xera a súa propia enerxía eléctrica pode compensar os saldos de enerxía de maneira diferida, o que permite aos consumidores a produción individual de enerxía para o seu propio consumo. O autoconsumo de balance neto é usado na maioría dos países occidentais, dende Alemaña e Italia ate os Estados Unidos ou Xapón.

Porén, a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico introduce unhas barreiras económicas e administrativas que limitan moitísimo o desenvolvemento da autoxeneración de enerxía. Tanto o contido da Lei como o último rascuño coñecido do decreto que a acompañará supoñen, dunha banda, un conxunto de trabas administrativas como os contadores que se esixen, a presentación dun proxecto, rexistro, prohibición do autoconsumo compartido... que no caso dos autoconsumidores domésticos serán insalvábeis. Doutra banda, supoñen unhas trabas económicas desproporcionadas, en especial a coñecida como “peaxe de respaldo” para toda a enerxía producida, mesmo aquela que foi producida e consumida de maneira instantánea, é dicir, aquela que non foi vertida á rede. Esta medida supón que o Estado español terá unha



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

regulación única no mundo e consiste en discriminar e penalizar o autoconsumo, tal e como incluso alerta o CNE no seu informe preceptivo.

Esta medida supón un auténtico “imposto ao sol” obrigando a pagar por conceptos absurdos co único obxectivo de impedir o seu desenvolvemento. Conxunto de medidas que protexen ás grandes empresas eléctricas ante o aumento da competencia e a democratización dun sistema eléctrico que supón o autoconsumo. En lugar de recoñecer os beneficios do autoconsumo (aforro e eficiencia nas redes de transporte, redución prezos de mercado, descentralización, cambio na cultura do consumidor, mellora da balanza comercial e mellora redución de emisións...) establécense barreiras efectivas para impedir o seu desenvolvemento, supoñendo outra discriminación máis cara ás enerxías renovábeis. Outro exemplo das trabas que se impoñen é o réxime de sancións, totalmente desproporcionado. Trátase de medidas que supoñen un claro desincentivo para o investimento en proxectos de autoxeración e autoconsumo de enerxía eléctrica, xa que se incrementa considerabelmente o período para a amortización do investimento realizado.

Esta regulación que penaliza o autoconsumo ten como finalidade protexer ás grandes eléctricas e manter o “statu quo” do que gozan actualmente no opaco e oligopolístico mercado eléctrico, impedindo deste xeito o incremento da competencia e unha maior democratización e eficiencia enerxética que supón o autoconsumo. Ademais, vai en sentido contrario a favorecer o autoconsumo que impera no resto de países da nosa contorna, onde se establece a autoxeración de enerxía con balance neto para consumidores domésticos e pequenas empresas, coa posibilidade de verter á rede os excedentes e podelos recuperar sen custo no prazo dun ano. Mesmo contradí o impulso que se fai dela desde as instancias europeas.

En sentido contrario á orientación das políticas do Goberno do Estado, algunhas CCAA están a impulsar medidas que favorezan o autoconsumo, como é o caso das Illas Baleares, onde se acaba de aprobar unha convocatoria pública de axudas para o fomento das instalacións de enerxía solar fotovoltaica e eólica para autoconsumo. Porén, en Galiza, nesta cuestión, como en moitas outras, o que está a caracterizar á Xunta de Galiza é a máis completa inacción.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formulamos a seguinte Interpelación:

Pensa o Goberno galego desenvolver algún tipo de iniciativa para impulsar o autoconsumo en Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/02/2015 19:12:34

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/02/2015 19:12:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**.

O Goberno galego que desde fai seis anos practica un recorte sistemático, inxustificado e inaceptábel en termos sociais e políticos no ensino público, mediante a supresión de centros, unidades e profesorado, mantendo os concertos cos cinco centros que segregan o alumnado por sexo.

No mes de marzo de 2013 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulou os concertos que a Consellaría de Educación mantiña con estes cinco colexios relixiosos que segregan o alumnado por razóns de sexo. O alto tribunal galego fixo valer a vixente Lei Orgánica de Educación para invalidar o financiamento público de prazas nos centros Las Acacias, Montecastelo e Aloya, en Vigo, e en Montespiño e Peñarredonda, na Coruña. Esta supresión dos concertos xa fora decidida polo Goberno bipartito e ao retornar o PP ao Goberno galego faltoulle tempo para decidir devolvérllelos.

O TSXG deixou claro que "non se pode esgrimir unha sorte de dereito adquirido, posto que cada decisión de renovación opera como acto singular baixo a normativa vixente". E a normativa vixente, a LOE no artigo 84.3 no capítulo que regula a escolarización en centros públicos e privados concertados afirma claramente que: "En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". Polo tanto, a normativa actual prohibe taxantemente a discriminación do alumado por sexo e aposta por outorgarlle prioridade aos centros educativos que practiquen a "coeducación", isto é, o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ensino en pé de igualdade para nenos e nenas. Así a sentenza do TSXG afirma que tendo en conta que un concerto educativo é "unha manifestación da actividade de fomento" e que a LOE ordena fomentar a igualdade "non pode fomentarse un criterio e, simultaneamente, o seu contrario". Ante esta sentenza e logo de afirmar en sede parlamentaria ao propio Conselleiro de Educación que sería tida en conta a Consellaría de Educación fixo oídos xordos e seguiu vulnerando a lexislación vixente mantendo estes concertos cos centros segregacionistas.

De novo unha sentenza, en concreto a do Tribunal Supremo -Sala de lo contencioso-administrativo.Sección: cuarta- ratifica o carácter fora da lei dos concertos educativos con centros que segregan ao alumnado. Esta sentenza do 23 de xuño de 2014 froito do recurso de casación interposto pola CIG-ENSINO afirma: “Antes de nada, conviene advertir que no está en cuestión la existencia de la educación diferenciada, tan legítima como e modelo de coeducación que establece la Ley. Lo que se cuestiona es que ese tipo de enseñanza aceda a la financiación pública propia de un concierto educativo. El mandato legal, en definitiva, descarta que la enseñana separada, por razón de sexo, pueda acogerse al sistema de enseñanza gratuita de centros concertados sostenidos con fondos públicos.

(...) Tras la expresada Ley Orgánica de Educación no resulta conforme a Derecho que esos centros privados, de educación no mixta, puedan tener la condición de concertados sostenidos con fondos públicos, cuando expresamente, insistimos, en el régimen de admisión de alumnos se prohíbe la discriminación por razón de sexo, ex artículo 84.3 de la Ley. Y esa imposibilidad de obtener conciertos para esos centros docentes tampoco perturba ningún derecho constitucional de los padres, que conservan el derecho de libre elección de centro y el de los titulares a ala creación de centros con ideario o carácter propio. Sin que se vulnere el número del artículo 27 de la CE porque



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinados centros no puedan acceder al concierto si no reúnen los requisitos que la Ley establece.

(...) En definitiva, no pueden comprometerse los fondos públicos, por la vía de los conciertos educativos, más allá de los supuestos previstos por la Ley.

Por cuanto antecede, procede declarar haber lugar al recursos de casación, pues la sentencia ha infringido el artículo 84.3 de la Ley Orgánica de Educación de 2006 y la jurisprudencia dictada en su aplicación. Y estimar el recurso contenciosos administrativo, anulando la Orden impugnada respecto de la aprobación de los conciertos educativos a los cinco centros privados a que se refiere el presente recursos. Es decir, a los Colegios Peñaredonda, Montespino, Aloya, Acacias y Montecastelos.”

De novo, o Tribunal Supremo acaba de abrir as portas a unha nova ilegalización dos concertos educativos con centros que segregan por xénero ao admitir a trámite o recurso de casación presentado pola CIG-Ensino contra a sentenza do TSXG. Como precedente fan constar o fallo do Tribunal Supremo a favor do recurso presentado pola CIG Ensino contra os concertos outorgados a este tipo de centros entre os anos 2009-2013 polo que agora agardan que, coa xurisprudencia existente, volvan darlle a razón e declare ilegais os concertos do ano 2013 ao 2017.

O novo Conselleiro de Educación ten unha ocasión para mudar a política sexista até agora desenvolvida e esixir a reintegración dos 12 millóns entregados “ilegalmente” a estes centros no período 2009-2013 e, tamén, que se retiren definitivamente os concertos que perpetúan unha educación contraria á igualdade de xénero.

Polo tanto formulamos a seguinte Interpelación:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que pensa facer a Consellaría de Educación a respecto da educación segregadora?

2. Pensa o Goberno a reintegración dos 12 millóns entregados “ilegalmente” a estes centros no período 2009-2013?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 25/02/2015 12:44:18

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/02/2015 12:44:23

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O pasado 23 de xaneiro a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ditou sentenza no procedemento 233/2014 referida á Resolución ditada polo subdirector xeral de Política e Axudas de Vivenda denegando a prórroga das subsidiación de préstamos. Nesta sentenza o dito tribunal anula as súas resolucións por non ser axustadas a dereito e reconece no seu lugar o que asiste ao recorrente a recibir a prorroga de subsidiación solicitada, así como os intereses legais devengados desde que a prórroga debía facerse efectiva.

Esta sentenza vén a reconecer o dereito varias veces reclamado por este grupo e por outros grupos da oposición diante desta Cámara e da Comisión 2ª referidos ao dereito dos titulares de vivendas de protección pública acollidos aos plans nacionais de vivenda o cumprimento das condicións previstas dos ditos plans e non verse privadas delas sobre a base do establecido no posterior decreto de 2012.

Á vista do anterior os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Vai Goberno galego seguir denegando as devanditas prórrogas?
- 2ª) Pensa adoptar algunha medida a este respecto?
- 3ª) Terán os afectados algunha solución distinta que a de acudir ao xulgado?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2015



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 25/02/2015 14:17:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/02/2015 14:18:22

Raúl Fernández Fernández na data 25/02/2015 14:18:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, por medio de Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, relativa ao impacto dos recortes de Pemex nas promesas electorais do goberno Núñez Feijóo.

Poucas cuestións sufriron tantas mentiras proferidas tanto tempo por tan poucos altos cargos do PP como o sector naval. Sector orfo dunha planificación estratéxica por parte dos gobernos do PP, que resta sometido ao bambán das coxunturas electorais e sen unha planificación industrial pública que permita aumentar significativamente a carga de traballo e as potencias que latexan nos nosos estaleiros, caso do de Fene ceibe do veto da UE.

Aínda voltou este entroido a viaxar ás Américas o presidente da Xunta para voltar desa mascarada sen novos contratos ou investimentos para un elemento estratéxico da nosa industria.

No entanto, as comarcas de Ferrolterra e Vigo pregúntanse con preocupación polo destino dos anunciados recortes nos investimentos de Pemex, empresa que terá que deixar de gastar uns 3.500 millóns de euros. As novas parecen indicar que os proxectos non comezados van ser revisados coas posibles consecuencias negativas que se deriven ora por seren anulados ora por acumularen retrasos.

Este grupo parlamentar pregúntase que van ser dos diferentes anuncios efectuados oportunamente pola Xunta nas previas electorais de novos encargos navais? Ou que vai acontecer cos plans de Pemex para se instalar no porto exterior da Coruña? E que efectos vai ter esta revisión en materia de emprego no noso país?

A Xunta ten que clarexar as declaracións do conselleiro de industria once reconece que a empresa mexicana vaise replantear algúns investimentos. Incluso as extemporáneas declaracións do presidente da Xunta na sesión plenaria de hoxe, onde afirmou que os remolcadores e a flota de baixo calado se van facer, requiren unha aclaración acerca da fonte autorizada que poda aseguralas e que permita evitar caracterizar semellantes afirmacións do presidente como vanas; máis cando o propio conselleiro de industria os pon en dependencia cos armadores e o prezo dos combustibles.

Todo elo cando a plantilla de Navantia segue en subocupación e apenas se crea emprego, en peores condicións e vulnerando os acordos do 2001 en materia de traballo dentro da factoría para as compañías auxiliares, nas industrias auxiliares; cando nada se fai para dotar de novos investimentos e plantilla a Navantia Fene; cando se mantén firme, esta si, a negativa a construír o dique flotante; cando en Vigo xa saben do afundimento do que tería sido flota de grandes buques e nada se sabe da sorte que poidan correr os 3 buques tanque, o atuneiro e o surplay.

A cidadanía galega merece unha explicación fundamentada de como están os compromisos e anuncios de Pemex por parte do goberno galego. Explicación que falla cando abundan incógnitas para un goberno afeito a comprometer os investimentos só en campaña electoral.

En atención ao exposto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte interpelación:

- Cal é a situación, acreditada documentalmente, de todos e cada un dos anuncios de investimentos realizados polo goberno galego relativos a Pemex ao abeiro das últimas campañas electorais, logo do anuncio en firme, este si, da empresa mexicana de recortar investimentos por valor de 3.500 millóns de euros?

En Compostela, 25 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 25/02/2015 14:59:50



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** e o deputado **Antón Sánchez García**, membros do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa ao diferencial negativo no crecemento económico galego respecto ao estatal e os reiterados fallos nas previsións da Xunta.

O PIB galego creceu un 0,4% ao remate do 2014, cifra por baixo do 1,4% estatal. Estes dados supoñen continuar a senda de diverxencia respecto a media estatal nun dos indicadores económicos básicos e que logo ten unha tradución atroz na destrución de emprego e na moi pequena e de baixa calidade baixada do rexistro de persoas en desemprego noso país.

Malos dados pero que son peores se se comparan coas previsións infladas, tumefactas, do goberno galego, que lonxe de rectificar cada ano. A secuencia entre as previsións e a realidade son as mentiras do goberno Núñez Feijóo.

As cifras que proporciona o IGE reflicten un severo estancamento económico e polo tanto a continuación da crise social. Dados estatísticos que non deixan de evitar que a Xunta de Galicia minta unha e outra vez con previsións pro domo sua, que logo sufren a abrasión da realidade económica e social negativa e que as políticas neoliberais e austericidas da Xunta acentúa.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte interpelación:

- Que criterios e informes empregou a Xunta para realizar as súas previsións económicas en materia de PIB baixo a presidencia de Núñez Feijóo?
- Contempla a Xunta depurar responsabilidades pola continúa emisión de previsións desmentidas pola estatística oficial?

- Que medidas económicas vai impulsar a Xunta para correxir o diferencial negativo que en termos do PIB temos co Estado baixo o mandato de Núñez Feijóo?
- Vai rectificar a Xunta unha política neoliberal e austericida que non serve para que a recuperación económica chegue á cidadanía galega?

En Compostela, a 26 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sanchez García

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/02/2015 15:04:30

Yolanda Díaz Pérez na data 26/02/2015 15:04:33

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A disposición derradeira de Lei 14/2013, do 26 de decembro, *de racionalización do sector público autonómico*, dispoñía a autorización á Xunta de Galicia para a realización **dun Decreto lexislativo en materia de pesca, gardacostas e confrarías de pescadores**. O prazo máximo establecido para a aprobación de tal normativa era de un ano.

Transcorrido o dito prazo a Xunta de Galicia non procedeu a tal aprobación, sen que tampouco se ofrecese ningunha explicación sobre o incumprimento de tal mandato legal. Ademais como transcorreu tal prazo máximo, non poderá xa facelo.

Dedúcese que o Goberno galego non cumpre nin co mandato que ela mesma promovera, vía aprobación do proxecto de lei; o que evidencia e dá mostra dunha ineptitude evidente; posto que se trataba de realizar un labor basicamente de recompilación da lexislación existente, non de aprobar ningunha novidade ao respecto.

Atopámonos, polo tanto, ante un Goberno que promove e aproba preceptos legais que logo é o primeiro en incumprir.

Por todo o anterior, os deputados que asinan preguntan o Goberno galego:

Por que incumpre a normativa que el mesmo promove?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2015

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 18/02/2015 14:00:57

José Manuel Gallego Lomba na data 18/02/2015 14:01:15

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 18/02/2015 14:01:27

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luis Méndez Romeu, deputados pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A disposición derradeira da Lei 14/2013, do 26 de decembro, *de racionalización do sector público autonómico*, dispoñía a autorización á Xunta de Galicia para a realización *dun decreto lexislativo en materia de tributos propios*. O prazo máximo establecido para a aprobación de tal normativa era un ano.

Transcorrido o dito prazo a Xunta de Galicia non procedeu a tal aprobación, sen que tampouco se ofrecese ningunha explicación sobre o non cumprimento de tal mandato legal. Ademais como transcorreu tal prazo máximo, non poderá xa facelo.

Dedúcese que o Goberno galego non cumpre nin co mandato que ela mesma promovera, vía aprobación do proxecto de lei; o que evidencia e dá mostra dunha ineptitude evidente; posto que se trataba de realizar un labor basicamente de recompilación da lexislación existente, non de aprobar ningunha novidade ao respecto.

Atopámonos, polo tanto, ante un Goberno que promove e aproba preceptos legais que logo é o primeiro en incumplir.

Por todo o anterior, os deputados que asinan preguntan o Goberno galego:

Por que incumpe a normativa que el mesmo promove?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2015

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos González Santín na data 18/02/2015 14:06:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo na data 18/02/2015 14:06:36

Jose Luis Méndez Romeu na data 18/02/2015 14:06:50

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A disposición derradeira de lei 14/2013, do 26 de decembro, *de racionalización do sector público autonómico*, dispoñía a autorización á Xunta de Galicia para a realización *dun decreto lexislativo en materia de Portos*. O prazo máximo establecido para a aprobación de tal normativa era o de un ano.

Transcorrido dito prazo a Xunta de Galicia non procedeu a tal aprobación, sen que tampouco se ofrecera ningunha explicación sobre o non cumprimento de tal mandato legal. Ademais como transcorreu tal prazo máximo, non poderá xa facelo.

Dedúcese que o Goberno galego non cumpre nin co mandato que ela mesma promovera, vía aprobación do proxecto de lei; o que evidencia e da mostra dunha ineptitude evidente; posto que se trataba de realizar unha labor basicamente de recompilación da lexislación existente, non de aprobar ningunha novidade ao respecto.

Atopámonos, polo tanto, ante un Goberno que promove e aproba preceptos legais que logo é o primeiro en incumprir.

Por todo o anterior, os deputados que asinan preguntan o Goberno galego:

Por que incumpre a normativa que el mesmo promove?

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2015

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/02/2015 14:11:48

José Ramón Val Alonso na data 18/02/2015 14:12:20

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 18/02/2015 14:14:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A disposición adicional décimo segunda de Lei 14/2013, do 26 de decembro, *de racionalización do sector público autonómico*, establecía o prazo de un ano para elevar por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia un proxecto de lei de mobilidade de Galicia “*no que se desenvolverá un sistema integrado de transporte público de persoas, coordinando as distintas redes de transporte público existentes*”. A Xunta de Galicia non cumpriu co dito mandato legal que se autoimpuxera, posto que transcorrido o dito prazo non procedeu a tal aprobación, sen que tampouco se ofrecese ningunha explicación sobre o non cumprimento de tal precepto normativo.

Dedúcese que o Goberno galego non cumpre nin co mandato que ela mesma promovera, vía aprobación do proxecto de lei; o que evidencia e dá mostra dunha ineptitude evidente. Atopámonos, polo tanto, ante un Goberno que promove e aproba preceptos legais que logo é o primeiro en incumprir.

Por todo o anterior, os deputados e a deputada que asinan preguntan o Goberno galego:

Por que incumpre o Goberno galego a normativa que el mesmo promove?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2015



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 18/02/2015 14:18:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo na data 18/02/2015 14:18:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/02/2015 14:18:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Parlamento de Galicia vén de aprobar os orzamentos do 2015, durante o debate dos orzamentos a Consellería do Medio Rural e do Mar definiu as principais liñas de actuación da Consellaría.

No relativo aos compromisos adquiridos por parte de Portos de Galicia para o vindeiro ano anunciou unha serie de obras, importantes, aínda que votamos en falta outras que se tiñan anunciado e comprometidas co sector.

As obras que comprometeu a Consellaría como prioritarias levan moitos anos anunciadas, son todas obras menores polo que reflicte unha situación que traslada moitas dúbidas dos compromisos adquiridos polo presidente de Portos de Galicia se poidan levar a cabo.

Estas son as razóns que nos levan a preguntar o Goberno galego:

Cales son as obras que se van levar a cabo con cargo aos orzamentos de 2015 nos portos da provincia da Coruña?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:52:37

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2015 18:52:48



 Grupo Parlamentario

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/02/2015 18:53:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Parlamento de Galicia vén de aprobar os orzamentos do 2015, durante o debate dos orzamentos a Consellería do Medio Rural e do Mar definiu as principais liñas de actuación da Consellaría.

No relativo aos compromisos adquiridos por parte de Portos de Galicia para o vindeiro ano anunciou unha serie de obras, importantes, aínda que votamos en falta outras que se tiñan anunciado e comprometidas co sector.

As obras que comprometeu a Consellaría como prioritarias levan moitos anos anunciadas, son todas obras menores polo que reflicte unha situación que traslada moitas dúbidas dos compromisos adquiridos polo presidente de Portos de Galicia se poidan levar a cabo.

Estas son as razóns que nos levan a preguntar o Goberno galego:

Cales son as obras que se van levar a cabo con cargo aos orzamentos de 2015 nos portos da provincia de Lugo?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:51:59

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2015 18:52:09



 Grupo Parlamentario

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/02/2015 18:52:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Parlamento de Galicia vén de aprobar os orzamentos do 2015, durante o debate dos orzamentos a Consellería do Medio Rural e do Mar definiu as principais liñas de actuación da Consellaría.

No relativo aos compromisos adquiridos por parte de Portos de Galicia para o vindeiro ano anunciou unha serie de obras, importantes, aínda que votamos en falta outras que se tiñan anunciado e comprometidas co sector.

As obras que comprometeu a Consellaría como prioritarias levan moitos anos anunciadas, son todas obras menores polo que reflicte unha situación que traslada moitas dúbidas dos compromisos adquiridos polo presidente de Portos de Galicia se poidan levar a cabo.

Estas son as razóns que nos levan a preguntar o Goberno galego:

Cales son as obras que se van levar a cabo con cargo aos orzamentos de 2015 nos portos da provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:53:24



 [Grupo Parlamentario](#)

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2015 18:53:41

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/02/2015 18:53:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Sánchez Bugallo e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dixo onte que MeteoGalicia está a “reorganizarse”. Eufemismo de desmantelarse, o que xa vén acontecendo dende que Feijoo preside o Goberno de Galicia. Tanto é así, que o director xa ten dimitido e parece que o subdirector xeral vai polo mesmo camiño.

Entre os cometidos de MeteoGalicia, están a predición meteorolóxica e marítima de Galicia, e o mantemento da rede de observación meteorolóxica. Tamén a realización dos prognósticos en forma de mapas significativos para a súa difusión a través da web, prensa escrita, radios e televisións (e é que na actualidade, a práctica totalidade dos medios de comunicación de Galicia utilizan a información elaborada por MeteoGalicia. Diariamente aténdense a máis de 50 medios de comunicación, incrementándose esta cifra en situacións adversas meteorolóxicas). Tamén se colabora coa Consellería de Sanidade no Plan de alertas por olas de calor, coa Consellería de Educación para alertas que poidan afectar ás rutas de transporte de escolares e ao peche de colexios ou con Augas de Galicia para o establecemento de alertas por inundacións.

Hai evidencias de que todo ten a súa orixe na proposta de modificación da relación e postos de traballo (RPT) da Consellaría (do mes de abril de 2014), que pretende amortizar 101 prazas de persoal técnico público, das que 10 están ocupadas por persoal laboral indefinido. Iso suporá o despedimento de varios traballadores de MeteoGalicia.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, a Consellaría, segundo fontes periodísticas, di que o persoal que se atopaba nestes postos accedera a eles a través de asistencias técnicas, mentres que agora o goberno pretende convocar as prazas para que entren funcionarios de carreira e así estabilizar o sector da Administración autonómica, sempre tendo en conta eses principios de eficacia e eficiencia. Incluso co descaro de dicir, expresamente, que as “ditas seccións deberán estar cubertas por persoal coa capacidade para dirixir equipos humanos e acometer as amplas, variadas e específicas funcións que estas van ter que desenvolver.”

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Entende o Goberno galego que coa proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, se van ver alterados, para peor, os cometidos de MeteoGalicia?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/02/2015 18:40:37

José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/02/2015 18:40:49

Raúl Fernández Fernández na data 19/02/2015 18:41:02

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A trata de seres humanos constitúe e representa unha das violacións mais graves dos dereitos humanos. Se presenta baixo múltiples formas: tráfico con fins de explotación sexual, prostitución, turismo sexual, matrimonios forzosos, tráfico de órganos ou tráfico de seres humanos con fins de explotación laboral.

Segundo os datos recollidos a nivel da Unión Europea demostran que tres cuartas partes das vítimas identificadas nos Estados membros caen en redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, que representaba o 76% no ano 2010, dos que as mulleres e as nenas son as principais vítimas.

A nivel autonómico a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recolle o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación como unha expresión de violencia de xénero. A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia estipula a dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e as relacións laborais; así como o Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata. Este documento permite dotar de instrumentos para unha axeitada asistencia ás vítimas desta chamada escravitude do século XXI.

Na loita contra esta lacra social que é a Trata de persoas, os deputados asinantes formulamos a seguinte cuestión:

Que medidas está levando a cabo o Goberno da Xunta de Galicia en relación coa trata de seres humanos?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:31:44

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:31:52

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:32:06

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:32:12

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:32:17

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 20/02/2015 10:32:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:32:30

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:32:37

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia fomenta o movemento asociativo mediante a convocatoria de axudas económicas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades e programas específicos dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. En xuño de 2014 foi publicada a orde de axudas con un presuposto de case un millón de euros. Esta convocatoria establecía dúas liñas de axudas: unha destinada a financiar o mantemento dos centros de atención as mulleres, e outra para levar a cabo programas de recuperación integral para mulleres en situación de exclusión social, tales como mulleres reclusas ou drogodependentes, mulleres con discapacidade, inmigrantes, vítimas de trata e vítimas de violencia de xénero.

O pasado mes de novembro a Secretaría Xeral da Igualdade publicaba no DOG a resolución das axudas concedidas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, así como para os programas de apoio e atención integral.

Os deputados asinantes formulan a seguinte cuestión:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Cal é a valoración do Goberno galego sobre as axudas a entidades de iniciativa social?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:34:01

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:36:26

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:36:39

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:36:46

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:37:09

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 20/02/2015 10:37:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:37:18

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:37:24

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Potenciar e fortalecer a iniciativa empresarial das mulleres en Galicia e, de xeito especial, apoiar aqueles proxectos cun carácter especialmente innovador que impulsen a competitividade das emprendedoras e pemes galegas. Este é un obxectivo do goberno galego.

Neste sentido, foi asignado un convenio de colaboración entre A Secretaría Xeral da Igualdade, a Fundación EOI e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para o desenvolvemento conxunto do proxecto “Plataforma Emprendemento en feminino”. Este proxecto ten por finalidade facilitar novas ferramentas ao emprendemento innovador feminino co fin de mellorar a competitividade, facilitar a conciliación e corresponsabilidade.

A finais de xaneiro a Secretaria Xeral da Igualdade mantivo unha xuntanza co director da Fundación EOI en Madrid co fin de avaliar os resultados no desenvolvemento deste proxecto para o fomento do emprendemento feminino e innovación das pemes galegas e a “Plataforma emprendemento en feminino”.

Os deputados asinantes formulan a seguinte cuestión:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Cal é a valoración do Goberno galego sobre a Plataforma de Emprendemento en Feminino?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:43:30

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:45:11

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:45:23

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:45:30

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:45:37

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 20/02/2015 10:46:03

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:46:08

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:47:55



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de rematar a mellora da estrada LU-641 entre Castroncán e O Incio.

A estrada LU-641 que une Castroncán co Incio, é unha das vías máis importantes para que unha grande parte da veciñanza do Incio e Samos poida acceder a Sarria, que é onde están ubicados a maioría dos servizos comarcais.

Por esa razón foi reclamada a súa mellora polos veciños e veciñas dende hai moitos anos.

Mesmo é unha estrada importante para acceder dende o camiño de Santiago ás terras do Val do Mao, O Incio, A Ferrería e O Courel, e con grande potencial paisaxístico.

Tamén resulta importante para acceder ao Parque arqueolóxico da Serra de Santa Mariña, ao Castro de Formigueiros e ás igrexas románicas do Val do Mao, Hospital, etc.

Despois de moito agardar pola súa mellora, no ano 2009 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciou a elaboración dun proxecto de reforma da estrada LU-641 entre o lugar de Castroncán (Samos) e O Incio, para mellorar as condicións de seguridade da mesma.

O Consello da Xunta de Galiza na súa reunión do 16 de setembro de 2010, aprobou o decreto polo que se dispoñía a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

polo proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada LU-641, que une Castroncán e O Incio, anunciando a inversión de 7.404.428,07 € para a mellora dos 14,4 kms. Repartidos en tres fases:

1ª Fase Castroncán-Sta. Maria do Mao, cun orzamentado en 2.184.147,29 €

2ª Fase Travesía do Mao cun orzamento de 509.203,96 €

3ª Fase Santa María do Mao-O Incio cun orzamento de 4.711.076,82 €

As obras contempladas no proxecto tiñan un prazo de execución de 12 meses.

Segundo a Consellería de Medio Ambiente coas mellora proxectadas pretendía “aumentar a capacidade da estrada LU-641, principal vía de comunicación entre os concellos de Samos e O Incio, desconxestionar o tráfico e reducir os tempos de percorrido así como mellorar a accesibilidade a empresas e vivendas e unha maior comodidade e seguridade para o tránsito de peóns”.

Tamén o 16 de setembro de 2010 o Consello da Xunta decretaba a utilidade pública do proxecto de construción da “adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada, Castroncán-O Incio” e dispoñía a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados. Urxente ocupación xustificada pola “necesidade de mellorar a seguridade viaria ao tratarse dun tramo especialmente sinuoso, pola necesidade de eliminar puntos especialmente perigosos, pola necesidade de aumentar os radios mínimos das curvas, a anchura das rúas e beirarrúas, pola necesidade de mellorar a seguridade vial, a seguridade dunha ponte sobre o río Mao e pola necesidade de protexer aos peóns”.

Lamentabelmente, estamos en febreiro de 2015 e só foron executadas dúas fases (a 2ª e 3ª fase) do proxecto global. Estamos no 2015 e unha parte moi importante dos veciños e veciñas de moitas parroquias dos concellos do Incio e Samos non entenden que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se tarde tanto en executar a 1ª fase que une Santa María do Mao con Castroncán.

En febreiro de 2015 aínda falla por executar a mellora dun tramo de 6,5 kms. de estrada, case desfeitos e que compre arranxar con urxencia.

Si o Goberno galego no ano 2010 consideraba que era urxente a ocupación duns bens para “adaptar a estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria”, por ser a principal vía de comunicación entre o concello de Samos e O Incio. Si o Goberno galego no 2010 afirmaba que cumpría mellorar as condicións de seguridade do tramo Castroncán-O Incio, no 2015, non podemos admitir deixar un tramo da estrada sen rematar.

Os veciños e veciñas que usan esta estrada para os seus desprazamentos, no 2015 continúan pensando que sigue sendo “necesario mellorar a seguridade viaria ao tratarse dun tramo especialmente sinuoso, sigue sendo necesarios eliminar puntos especialmente perigosos, sigue sendo necesario aumentar os radios mínimos das curvas, a anchura das rúas e beirarrúas, sigue sendo necesario mellorar a seguridade vial e a seguridade dos peóns”.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tamén entende que compre rematar o tramo de estrada que queda por executar, porque se atopa nun estado lamentábel e resulta perigosa para a circulación de vehículos, porque resulta fundamental para que moitas veciñas e veciños de parroquias do Incio e Samos se poidan desprazar a Sarria, onde se atopan moitos servizos comarcais, e porque o rural galego ten dereito a ter comunicacións dignas.

Por todo o exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que aínda non se executou a obra proxectada entre Castroncán e Santa María de Mao?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/02/2015 11:29:05

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/02/2015 11:29:11

Á Mesa do Parlamento

M^o Soledad Soneira Tajés, Beatriz Sestayo Doce e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Por medio de distintos comunicados de prensa, e mesmo a través dos órganos propios do Partido Popular, acabamos de ter coñecemento de que o actual delegado da Xunta de Galicia en Arxentina, D. Alejandro López Dobarro, foi nomeado responsable do Partido Popular neste país.

A nota do propio PP non deixa lugar á dúbidas: *“tratar de realizar un esfuerzo de cara a los comicios previstos para 2015”*

A ninguén se lle pode negar o dereito a militar e compartir o ideario dunha forza política democrática concreta, pero parece fóra de lugar que, a persoa encargada da representación institucional máis importante que ten Galicia no exterior, contamine esa función coa contenda partidaria diaria e electoral.

Diante desta situación, as deputadas e o deputado asinantes, preguntan a Xunta de Galicia:

Cando ten pensado o Goberno galego cesar ao actual delegado da Xunta de Galicia en Bos Aires?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: M^o Soledad Soneira Tajés

Beatriz Sestayo Doce

Vicente Docasar Docasar

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 20/02/2015 10:24:33



 **Grupo Parlamentario**

Beatriz Sestayo Doce na data 20/02/2015 10:24:43

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/02/2015 10:24:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Isabel García Pacín, José Manuel Balseiro Orol, Agustín Baamonde Díaz, Angel Camino Copa, Vidal Martínez-Sierra López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Jaime Castiñeira Broz, Jaime Íñiguez Martínez, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo e Santiago Freire Abeijón, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o pasado 18 de marzo a Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se adopta decisión favorable para a inscrición da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) *Capón de Vilalba* no Rexistro comunitario de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

As indicacións xeográficas protexidas (IXP) son un elemento fundamental para o mantemento do tecido agroindustrial e, en xeral, para o desenvolvemento rural. O Goberno galego continúa a súa aposta polo impulso e promoción dos produtos galegos de calidade diferenciada, con iniciativas de apoio á produción e comercialización así como o recoñecemento nacional e internacional dos produtos amparados por este selo.

En relación con esta cuestión, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que significa este novo trámite para o Capón de Vilalba como produto amparado por unha IXP?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

María Isabel García Pacín na data 20/02/2015 14:29:08

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

José Manuel Balseiro Orol na data 20/02/2015 14:29:19

Agustín Baamonde Díaz na data 20/02/2015 14:29:27

Angel Camino Copa na data 20/02/2015 14:29:34

Vidal Martínez-Sierra López na data 20/02/2015 14:29:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 20/02/2015 14:30:05

Jaime Castiñeira Broz na data 20/02/2015 14:30:12

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 14:30:23

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 14:30:30

Jesús Miguel Prado Patiño na data 20/02/2015 14:30:37

Moisés Blanco Paradelo na data 20/02/2015 14:30:57

José Santiago Freire Abeijón na data 20/02/2015 14:31:08



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Ana Belén Pontón Mondelo, Tereixa Paz Franco e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O goberno do PP aprobou en Consello de Ministros unha modificación da *Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo* que deixa as mozas nunha inseguridade a respecto da toma de decisión sobre o seu futuro. As mozas de entre 16 e 18 anos poden traballar, poden casarse, mais non poden decidir sobre o seu corpo.

Polo isto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Non considera que é unha modificación discriminatoria para as mozas galegas?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Tereixa Paz Franco

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 23/02/2015 11:41:01

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/02/2015 11:41:10

María Tereixa Paz Franco na data 23/02/2015 11:41:16

María Monserrat Prado Cores na data 23/02/2015 11:41:21

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O GDR-20 Ulla-Umia-Lérez vén, dende mediados do ano 2012, arrastrando moitos problemas de xestión que imposibilitaron un normal funcionamento durante un longo período de tempo.

Se acumulan débedas ó persoal técnico do que se acabou prescindindo, a xestión se derivou directamente a AGADER, feito que está poñendo en perigo moitos proxectos xa solicitados, pagos comprometidos a provedores que non son satisfeitos, débedas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria e, sobre todo, investimentos xa feitos polos solicitantes que contaban co apoio económico destes programas e que agora están en perigo, ou cando menos en suspenso.

A Consellería de Medio Rural firmara, no seu momento, convenios con entidades para a concesión de créditos precisos para o desenvolvemento dos programas, pero esas pólizas non foron renovadas.

A directiva deste GDR-20 está presidida polo alcalde da Estrada, D. José López, que parece non ser quen de clarificar e dar unha explicación lóxica de como se chegou a esta situación.

Ante isto, os deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno.

Que valoración fai a Xunta de Galicia con respecto á como se desenvolveu a xestión no GDR-20 Ulla-Umia-Lérez?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

 Grupo Parlamentario

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 20/02/2015 14:04:34

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 14:04:41

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 14:04:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Exposición de Motivos

As concentracións parcelarias son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A demanda destes procesos supera amplamente as posibilidades orzamentarias, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva da partida dedicada a concentracións que se vén practicando polo Goberno nestes últimos anos. Concretamente se reduciu nun 68 % dende os primeiros orzamentos que aprobou o presidente Feijoo no ano 2009, a pesares de que sempre se pon o problema da dimensión territorial das explotacións agrarias e o problema territorial en xeral como o principal problema estrutural deste país.

É obvio que os procesos de concentración parcelaria son por si mesmos procesos longos e en moitos casos non exentos de dificultades legais que fan que o proceso se alongue aínda máis, pero é verdade que ese non é o principal problema para que os procesos veñan durando de media case 20 anos. A política levada a cabo polo Partido Popular dende sempre, de abrir procesos sen discriminar, sen priorizar, sen ningún tipo de continuidade orzamentaria, fai que en moitos casos isto supoña un atranco e un freo para moitas explotacións agrogandeiras e para os habitantes das zonas afectadas en xeral.

A inseguridade xurídica, a falla de propiedade real, a ausencia de infraestruturas mínimas para acceder as parcelas prolongadas durante 20 anos, fan que en moitos casos cando o proceso remate xa non poida

Grupo Parlamentario

ser suficientemente optimizado polos interesados que non deron aguantado a longa espera de tantos anos para poder dispor da ferramenta da terra para desenvolverse.

Existen moitos casos en Galicia, pero un que pode ser significativo e os procesos que afectan ó Concello de A estrada. Neste concello están abertos catro casos de concentración parcelaria, Val de Vea I, iniciado no ano 1993; Val de Vea II en 1997, Arca-Nigoi 1980, e Codeseda no ano 1972.

Todas elas están en distintas fases, pero sobre todas elas se fixeron “promesas” e se adquiriron compromisos políticos en reiteradas ocasións de prazos de remate amplamente superados.

Isto ocasiona a indignación dos veciños e veciñas afectados que non só sofren ese proceso tan longo coas eivas que iso leva consigo, senón que non contan con ningún tipo de horizonte para poder facer as súas previsións.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta

Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate destes procesos de concentración parcelaria que afectan ó Concello da Estrada?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 20/02/2015 11:52:42



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 11:52:52

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 11:53:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación dos servizos de meteoroloxía en Galiza prestados pola AEMET.

A meteoroloxía cumpre unha función relevante para a sociedade, tanto no plano individual como no colectivo. As predicións meteorolóxicas teñen moita importancia, tanto no relativo á seguridade das persoas e as emerxencias ao prever fenómenos con grande capacidade destrutiva, como na actividade económica de sectores con grande peso na economía galega, como o pesqueiro, o agrogandeiro, o turístico ou industrial. De feito, segundo os cálculos oficiais os custes de predición equivalen ao 1% do PIB combinado, porén o retorno económico é de entre o 2% e o 7% do PIB.

Porén na Galiza estase a producir unha continua degradación do servizo que presta a Axencia Estatal de Meteoroloxía AEMET (dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) por mor de dúas causas principais: o impacto das políticas de recorte de persoal, ao non asegurar as ofertas públicas de emprego a reposición dos postos de traballo, e a aposta da Axencia por un modelo de funcionamento cada vez máis centralizado.

Segundo datos do “Registro Central de Personal (RCP)” a plantilla da Axencia viuse reducida no conxunto do Estado en 120 persoas dende abril de 2012 a outubro de 2014, pasando de 1.375 a 1.255 efectivos, é dicir, unha diminución de case un 10%. No caso concreto da Galiza, dos 65 postos de traballo contemplados na Relación de Postos de Traballo, nestes momentos hai 37 postos de traballo a quendas, dos que 7 están sen ocupar.

A precarización do servizo provocada por esta política de persoal é aínda máis grave ao optar a AEMET por unha crecente automatización do servizo (coa conseguinte perda de calidade), recolocar na Axencia a persoas carentes da cualificación desexábel procedentes doutros servizos públicos afectados polos recortes e por destinar a totalidade da escasa oferta de emprego público á



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cobertura de prazas do Grupo A1 en Madrid. en vez de a atender necesidades operativas urxentes.

Esta situación provocou situacións como a que está a sufrir o Observatorio da Coruña. Se antes prestaba servizos de observación e predición as 24 horas do día, na actualidade só presta servizos de observación durante 17 horas e de predición durante 15h.

De feito, as políticas descritas están poñendo en perigo a propia pervivencia do servizo na Galiza e do coñecemento acumulado ao longo de tantos anos. A media de idade na delegación galega da AEMET é de 54 anos. De manterse as actuais taxas de reposición practicamente nulas, pode producirse o colapso das unidades con persoal a turno (producción) en menos de 6 anos.

Ademais esta situación vese agravada ao ter adoptado a AEMET un novo modelo de organización territorial e de especialización por áreas de servizo que responde a un esquema centralista absolutamente irracional.

Para algunhas funcións se dividiu o Estado Español en 5 zonas (Norte, Interior, Este, Sur e Canarias) con centro en Madrid, ficando Galiza subsumida na zona norte. En virtude deste modelo nestes momentos compete á delegación de Galiza a predición marítima costeira en toda a fachada atlántica do Estado español (incluída a cornixa cantábrica, a costa atlántica andaluza e Canarias) e a predición en alta mar entre o Gran Sol e o Golfo de Guiné. Porén, no que atinxe a outras funcións, fican só na delegación de Galiza tarefas de observación, pasando a depender as predicións aeronáuticas dos aeroportos galegos de Santander e as predicións terrestres e avisos non costeiros de Madrid. Tense centralizado tamén o banco de datos climatolóxicos e a distribución dos produtos aos usuarios por todos os medios (web, mail, fax, consultas telefónicas...).

En definitiva, en aplicación deste modelo, as predicións meteorolóxicas da costa fanse en Galiza mais as do interior de Galiza en Madrid. A observación das condicións meteorolóxicas en Lavacolla, Peinador e Alvedro fanse en Galiza, mais as predicións que afectan aos nosos aeroportos fanse en Santander. Incluso as bases de datos meteorolóxicos de Galiza están agora en Madrid.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dun modelo irracional, que parece ignorar a diversidade climática existente no territorio do Estado español e que o clima galego rexistra particularidades e especificidades que existen contarmos con capacidade para podermos realizar unha boa predición meteorolóxica e podermos avanzar no estudo en profundidade da evolución dos fenómenos meteorolóxicos específicos da nosa nación. É irracional un modelo que desaproveita o coñecemento acumulado por parte dos nosos técnicos dos factores que inciden no clima local. Estudos realizados por persoal da Delegación de AEMET en Galiza reflicten unha baixada moi marcada da fiabilidade dos avisos de precipitación, situando claramente o punto de inflexión no momento do traslado das súas competencias.

A Constitución establece no seu artigo 149.1.20 a competencia exclusiva do Estado en relación cos servizos meteorolóxicos. Porén o artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. É dicir, o feito de non conter o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza a referencia á esta competencia non evita que esta pode ser transferida polo Estado.

Por todas estas razóns formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai reclamar o Goberno galego ante o Goberno do Estado a transferencia dos servizos meteorolóxicos de ámbito estatal situados no territorio de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Viceportavoz do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/02/2015 18:37:32

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/02/2015 18:37:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a saber da Xunta de Galiza as demandas realizadas ao Goberno central para que a actividade do arrastre se poida desenvolver nas mesmas condicións que os barcos lusos para impedir o seu despezamento.

O día 16 de decembro de 2013 asinábase en Bruxelas un Acordo pesqueiro entre o Estado español e a república de Portugal, que permitía regular a actividade pesqueira en augas de ambos países. Este acordo era a renovación doutro firmado unha década antes e que entre outras medidas permitía a discriminación entre diferentes flotas no referente a días de pesca, capturas e acceso aos mercados, etc.

Curiosamente este Acordo foi modificado o 24 de marzo de 2014 polo cal a flota portuguesa volvía “poder faenar nas mesmas condicións que con anterioridade”. Esta modificación levada a cabo a costas da flota galega trouxo consigo que o BNG presentara unha Proposición non de lei para restituír o Acordo, que foi rexeitada polo PP. Este rexeitamento provocou que o propio sector forzara ao Secretario Xeral do Mar na reunión que tivo lugar na Comisión Sectorial de Arrastre do Consello Galego de Pesca, o 14 de maio de 2014 esixindo que se cumpra o acordado en decembro, e reclamar a Madrid, que recuperase a cláusula onde se prohibía traballar os fins de semana.

Para facer cumprir este compromiso o propio sector presentou unha Proposición non de lei que foi referendada por tódolos grupos da Cámara esixindo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recuperar os criterios do Acordo, isto é: “garantir as mesmas condicións de igualdade a poder pescar nas augas de Galiza”.

A pesar deste compromiso da Cámara galega, nada ten mudado, salvo o sector si que ten agravado a súa situación provocada fundamentalmente polas escaseza de cotas, o aumento das inspeccións, a perda de mercados, o despezamento, a implantación das ITQs, a venda do dereito a poder pescar, etc, o que supón que un bo número de embarcacións están pensando en abandonar esta actividade e acollerse aos incentivos promovidos pola política pesqueira europea e avalados polo Goberno galego.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que razón considera a Xunta que obriga aos armadores a comprar barcos lusos?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 24/02/2015 13:57:57



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao accidente ferroviario de Angrois.

Hoxe presentan as vítimas do accidente de Angrois as máis de cen mil sinaturas para que se constituía, neste caso no Congreso, unha comisión de investigación. Aquí denegouse porque se ía estudar no Congreso. O certo é que non se investiga en ningures no eido político (a subcomisión parlamentar apenas foi outra cousa que un dos primeiros enganados do bipartidismo neste tema). Incluso a Comisión ministerial sobre accidentes ferroviarios incumpre a normativa europea, con sanción incluída, por non ser independente. No entanto os mortos, a dor e as mentiras non se depuran nunha falla de respecto flagrante para coa nosa sociedade.

O presidente de Adif, Gonzalo Ferre, negou que o tramo de liña ferroviaria entre Ourense e Santiago, onde en xullo de 2013 se produciu un accidente dun tren Alvia en Angrois que se cobrou a vida de 79 persoas e deixou máis dun centenar de feridos, sexa unha vía de alta velocidade.

Fíxoo durante a súa comparecencia, o pasado mércores 11, ante a subcomisión de estudo e análise do sistema ferroviario español do Congreso. Nela afirmou que o tramo Ourense-Santiago está xestionado pola empresa Adif e non por Adif Alta Velocidade porque non é unha liña de alta velocidade", senón unha liña convencional. Non obstante, esta afirmación contrasta coa propia Declaración sobre a Rede de Adif na súa versión actualizada de 2014, na que se sinaliza o tramo Ourense-Santiago como de alta velocidade, aínda que non se inclúa nos traxectos que xestiona Adif Alta Velocidad.

Ademais, os informes periciais coñecidos ata agora (cinco de seis, ao non ter sido trasladado ás partes o elaborado por Adif) coinciden en definir a liña Ourense-Santiago (denominada 'LAV082') como alta velocidade. Así, salientan cuestións sobre o proxecto

construtivo, a súa licitación e adxudicación, e como esta "concíbese como unha liña interoperable integrada na rede transeuropea de Alta Velocidade".

Por outra banda o coñecemento de informes periciais evidencian tanto o cambio do proxecto orixinal coma a non adopción de medidas de seguridade paliativas ante a redución dos parámetros de seguridade realizados polo cambio do proxecto.

Neste asunto dirimiranse as responsabilidades penais que houber, pero estase a negar a posibilidade de determinar e depurar responsabilidades políticas nun asunto de tanta gravidade, o ser o maior accidente ferroviario da historia deste país, con 81 mortos, o que é imprescindible para o futuro e a saúde democrática deste país.

Houbo quen dende postos de responsabilidade tomou as decisións necesarias para acelerar as obras, aprobar a non posta en funcionamento do ERTMS, e que non tomou decisións para mellorar a sinalización, ou aplicar sistemas de redución automática da velocidade, que salvagardaran a vida das persoas en caso do sempre probable erro humano.

As vítimas e os seus familiares reclaman unha Comisión de Investigación porque queren que se asuman responsabilidades polos auténticos responsables, e que non aconteza que coma sempre pague o traballador, neste caso o maquinista.

Por todo o anterior o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- Por qué se negan a constituír unha comisión de investigación, como demandan as vítimas e familias, no Parlamento Galego para determinar as responsabilidades políticas que poideran derivarse do accidente ferroviario de Angrois?

En Compostela, a 24 de febreiro do 2015.

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 24/02/2015 14:03:58

Anton Sánchez García na data 24/02/2015 14:04:05



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En 2013 o presidente da Xunta negociou a venda do estaleiro Barreras a petroleira mexicana Pemex. A venda faise a prezo de saldo, pouco máis de 10 millóns de euros. Ao mesmo tempo Feijóo anunciaba carga de traballo, unha serie de floteis, que serían a salvación de Ferrol e Vigo. Estamos en 2015, Pemex non construírá os floteis, e sobre os traballadores e traballadoras pende a ameaza dun ERE que os pode deixar na rúa. Unha vez máis vemos como o Goberno galego actúa como comercial e non como goberno, confirmándose así que á petroleira mexicana só lle interesaba a tecnoloxía de Barreras, por iso a comprou.

Ante esta situación formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno galego da nova situación de Pemex?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adón Villamarín na data 24/02/2015 19:01:01

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/02/2015 19:01:11

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés e Manuel Gallego Lomba, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de **Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O pasado fin de semana tivo lugar unha reunión en Fisterra na que participaron a Sra. directora da Axencia de Turismo de Galicia e o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña. Parece ser que o motivo da xuntanza foi o potencial da Costa da Morte como destino turístico.

A deputada e o deputado asinantes, diante deste interesante acto, pregunta a Xunta de Galicia:

Cales foron os criterios utilizados para a selección dos asistentes ao mesmo?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Manuel Gallego Lomba
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 24/02/2015 19:06:11

José Manuel Gallego Lomba na data 24/02/2015 19:06:22

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e Manuel Gallego Lomba, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de **Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A base de salvamento marítimo de Ruibo (Cee) foi posta en funcionamento en setembro de 2012. Dous anos despois trasladaron o helicóptero que tiña a base na mesma baixo o pretexto de “instalar sensores de voo necesarios para a súa operatividade...”

Dado o tempo transcorrido, a deputada e os deputados asinantes preguntan a Xunta de Galicia:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para que a base de salvamento marítimo de Ruíbo, en Cee, estea plenamente operativa e prestando un servizo tan importante para a seguridade marítima, nunha das zonas de máis alta sinestrabilidade marítima do mundo?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
José Ramón Val Alonso
Francisco Caamaño Domínguez
Manuel Gallego Lomba
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 24/02/2015 19:05:21

José Ramón Val Alonso na data 24/02/2015 19:05:30



 [Grupo Parlamentario](#)

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 24/02/2015 19:05:38

José Manuel Gallego Lomba na data 24/02/2015 19:05:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O autoconsumo implica aforro enerxético, eficiencia nas redes de transporte e redución de prezos de mercado. Trátase tamén dunha aposta tanto polas enerxías limpas, e xa que logo, pola redución das emisións contaminantes, como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade. A posibilidade de que os consumidores xeren a súa propia electricidade implica consecuencias extraordinariamente positivas no eido económico e social do país. O autoconsumo pode e deber ser unha alternativa de futuro aos actuais sistemas de xeración de enerxía eléctrica.

Xa que logo, é necesario impulsar o autoconsumo, tal e como veñen demandando dende hai anos moitos consumidores e pequenas empresas, deseñando un marco normativo favorábel ligado á concepción do balance neto, pola cal un cliente que xera a súa propia enerxía eléctrica pode compensar os saldos de enerxía de maneira diferida, o que permite aos consumidores a produción individual de enerxía para o seu propio consumo. O autoconsumo de balance neto é usado na maioría dos países occidentais, dende Alemaña e Italia ate os Estados Unidos ou Xapón.

Porén, a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico introduce unhas barreiras económicas e administrativas que limitan moitísimo o desenvolvemento da autoxeneración de enerxía. Tanto o contido da Lei como o último rascuño coñecido do decreto que a acompañará supoñen, dunha banda, un conxunto de trabas administrativas como os contadores que se esixen, a presentación dun proxecto, rexistro, prohibición do autoconsumo compartido... que no caso dos autoconsumidores domésticos serán insalvábeis. Doutra banda, supoñen unhas trabas económicas desproporcionadas, en especial a coñecida como “peaxe de respaldo” para toda a enerxía producida, mesmo aquela que foi producida e consumida de maneira instantánea, é dicir, aquela que non foi vertida á rede. Esta medida supón que o Estado español terá unha



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

regulación única no mundo e consiste en discriminar e penalizar o autoconsumo, tal e como incluso alerta o CNE no seu informe preceptivo.

Esta medida supón un auténtico “imposto ao sol” obrigando a pagar por conceptos absurdos co único obxectivo de impedir o seu desenvolvemento. Conxunto de medidas que protexen ás grandes empresas eléctricas ante o aumento da competencia e a democratización dun sistema eléctrico que supón o autoconsumo. En lugar de recoñecer os beneficios do autoconsumo (aforro e eficiencia nas redes de transporte, redución prezos de mercado, descentralización, cambio na cultura do consumidor, mellora da balanza comercial e mellora redución de emisións...) establécense barreiras efectivas para impedir o seu desenvolvemento, supoñendo outra discriminación máis cara ás enerxías renovábeis. Outro exemplo das trabas que se impoñen é o réxime de sancións, totalmente desproporcionado. Trátase de medidas que supoñen un claro desincentivo para o investimento en proxectos de autoxeración e autoconsumo de enerxía eléctrica, xa que se incrementa considerabelmente o período para a amortización do investimento realizado.

Esta regulación que penaliza o autoconsumo ten como finalidade protexer ás grandes eléctricas e manter o “statu quo” do que gozan actualmente no opaco e oligopolístico mercado eléctrico, impedindo deste xeito o incremento da competencia e unha maior democratización e eficiencia enerxética que supón o autoconsumo. Ademais, vai en sentido contrario a favorecer o autoconsumo que impera no resto de países da nosa contorna, onde se establece a autoxeración de enerxía con balance neto para consumidores domésticos e pequenas empresas, coa posibilidade de verter á rede os excedentes e podelos recuperar sen custo no prazo dun ano. Mesmo contradí o impulso que se fai dela desde as instancias europeas.

En sentido contrario á orientación das políticas do Goberno do Estado, algunhas CCAA están a impulsar medidas que favorezan o autoconsumo, como é o caso das Illas Baleares, onde se acaba de aprobar unha convocatoria pública de axudas para o fomento das instalacións de enerxía solar fotovoltaica e eólica para autoconsumo. Porén, en Galiza, nesta cuestión, como en moitas outras, o que está a caracterizar á Xunta de Galiza é a máis completa inacción.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formulamos a seguinte cuestión para a súa resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno galego desenvolver algún tipo de iniciativa para impulsar o autoconsumo en Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/02/2015 19:11:03

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/02/2015 19:11:10



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellaría de Traballo e Benestar presentou o programa de contratación temporal de persoas perceptoras da RISGA inscritas no Servizo Público de Emprego como un grande logro para a inserción laboral dos e das perceptoras de RISGA. Programa con máis sombras que luces tanto pola súa concepción como pola implementación que se está a realizar. Un exemplo é o Concello de Coruña onde a subvención queda referenciada a un servizo que debería estar a realizar a empresa adxudicataria da limpeza viaria: a retirada de cartalaría e de pegatinas da vía pública. Así o reflicte o propio expediente aprobado en Xunta de Goberno Local.

A empresa CESPA recibe máis de dez millóns de euros anuais do Concello da Coruña pola adxudicación da limpeza viaria. Malia isto, o Goberno do Concello coruñés reforza o servizo que presta CESPA con dez peóns contratados con fondos públicos en base á subvención da Xunta de Galiza para a retirada de pegatinas e cartalaría. Isto non é a primeira vez que isto acontece, pois o ano pasado, a Concellaría de Medio Ambiente solicitou a mesma subvención para cubrir o mesmo servizo, mais en 2014 tratábase de tres peóns e non de dez. A novidade este ano tamén é que se inclúe o plan Rúa, de modo que dez peóns acometerían tarefas recollidas no tan propagandístico plan, como ten denunciado o propio grupo municipal do BNG.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación formúlase a seguinte cuestión para a súa resposta oral en Pleno:

En concreto, estase cubrindo a través desta subvención a persoal propio da empresa CESPA?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/02/2015 19:30:39

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/02/2015 19:30:45



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás xestións levadas a cabo polo presidente da Xunta de Galiza na viaxe realizada a Bruxelas.

A principios do mes de febreiro o presidente da Xunta de Galiza viaxou a Bruxelas para resolver variados asuntos de grande intereses para as galegas e galegos. Nesta visita puido reunirse co comisario de Pesca, Karmelo Vella, tras a cal non tivo reparo en afirmar que os informes elaborados pola Xunta de Galiza foron claves para que a Comisión Europea estea a favor de excluír o xeito da prohibición das redes de deriva. Grazas as súas xestións o xeito poderá seguir sendo unha arte de pesca aceptada legalmente.

Tamén nos trasladou o compromiso de que Galiza seguirá sendo “un modelo na execución dos fondos europeos”, especialmente nos investimentos na pesca, a modernización da industria, e o saneamento das rías como asuntos prioritarios.

Visita importante para enfrontar moitos dos problemas que está a sufrir un dos nosos principais sectores produtivos, como é a actividade pesqueira, da cal a UE ten unha incidencia directa, dado que as medidas que adopta teñen unha repercusión inmediata para as persoas e as empresas que desenvolven esta actividade.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións levou a cabo o presidente da Xunta para modificar o actual modelo de reparto de cotas?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 25/02/2015 10:37:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego que desde fai seis anos practica un recorte sistemático, inxustificado e inaceptábel en termos sociais e políticos no ensino público, mediante a supresión de centros, unidades e profesorado, mantendo os concertos cos cinco centros que segregan o alumnado por sexo.

No mes de marzo de 2013 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulou os concertos que a Consellaría de Educación mantiña con estes cinco colexios relixiosos que segregan o alumnado por razóns de sexo. O alto tribunal galego fixo valer a vixente Lei Orgánica de Educación para invalidar o financiamento público de prazas nos centros Las Acacias, Montecastelo e Aloya, en Vigo, e en Montespiño e Peñarredonda, na Coruña. Esta supresión dos concertos xa fora decidida polo Goberno bipartito e ao retornar o PP ao Goberno galego faltoulle tempo para decidir devolvérllelos.

O TSXG deixou claro que "non se pode esgrimir unha sorte de dereito adquirido, posto que cada decisión de renovación opera como acto singular baixo a normativa vixente". E a normativa vixente, a LOE no artigo 84.3 no capítulo que regula a escolarización en centros públicos e privados concertados afirma claramente que: "En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". Polo tanto, a normativa actual prohibe taxantemente a discriminación do alumado por sexo e aposta por



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outorgarlle prioridade aos centros educativos que practiquen a "coeducación", isto é, o ensino en pé de igualdade para nenos e nenas. Así a sentenza do TSXG afirma que tendo en conta que un concerto educativo é "unha manifestación da actividade de fomento" e que a LOE ordena fomentar a igualdade "non pode fomentarse un criterio e, simultaneamente, o seu contrario". Ante esta sentenza e logo de afirmar en sede parlamentaria ao propio Conselleiro de Educación que sería tida en conta a Consellaría de Educación fixo oídos xordos e seguiu vulnerando a lexislación vixente mantendo estes concertos cos centros segregacionistas.

De novo unha sentenza, en concreto a do Tribunal Supremo -Sala de lo contencioso-administrativo.Sección: cuarta- ratifica o carácter fora da lei dos concertos educativos con centros que segregan ao alumnado. Esta sentenza do 23 de xuño de 2014 froito do recurso de casación interposto pola CIG-ENSINO afirma: “Antes de nada, conviene advertir que no está en cuestión la existencia de la educación diferenciada, tan legítima como e modelo de coeducación que establece la Ley. Lo que se cuestiona es que ese tipo de enseñanza aceda a la financiación pública propia de un concierto educativo. El mandato legal, en definitiva, descarta que la enseñana separada, por razón de sexo, pueda acogerse al sistema de enseñanza gratuita de centros concertados sostenidos con fondos públicos.

(...) Tras la expresada Ley Orgánica de Educación no resulta conforme a Derecho que esos centros privados, de educación no mixta, puedan tener la condición de concertados sostenidos con fondos públicos, cuando expresamente, insistimos, en el régimen de admisión de alumnos se prohíbe la discriminación por razón de sexo, ex artículo 84.3 de la Ley. Y esa imposibilidad de obtener conciertos para esos centros docentes tampoco perturba ningún derecho constitucional de los padres, que conservan el derecho de libre elección de centro y el de los titulares a ala creación de centros con ideario o carácter propio. Sin que se vulnere el número del artículo 27 de la CE porque



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinados centros no puedan acceder al concierto si no reúnen los requisitos que la Ley establece.

(...) En definitiva, no pueden comprometerse los fondos públicos, por la vía de los conciertos educativos, más allá de los supuestos previstos por la Ley.

Por cuanto antecede, procede declarar haber lugar al recursos de casación, pues la sentencia ha infringido el artículo 84.3 de la Ley Orgánica de Educación de 2006 y la jurisprudencia dictada en su aplicación. Y estimar el recurso contenciosos administrativo, anulando la Orden impugnada respecto de la aprobación de los conciertos educativos a los cinco centros privados a que se refiere el presente recursos. Es decir, a los Colegios Peñaredonda, Montespino, Aloya, Acacias y Montecastelos.”

De novo, o Tribunal Supremo acaba de abrir as portas a unha nova ilegalización dos concertos educativos con centros que segregan por xénero ao admitir a trámite o recurso de casación presentado pola CIG-Ensino contra a sentenza do TSXG. Como precedente fan constar o fallo do Tribunal Supremo a favor do recurso presentado pola CIG Ensino contra os concertos outorgados a este tipo de centros entre os anos 2009-2013 polo que agora agardan que, coa xurisprudencia existente, volvan darlle a razón e declare ilegais os concertos do ano 2013 ao 2017.

O novo Conselleiro de Educación ten unha ocasión para mudar a política sexista até agora desenvolvida e esixir a reintegración dos 12 millóns entregados “ilegalmente” a estes centros no período 2009-2013 e, tamén, que se retiren definitivamente os concertos que perpetúan unha educación contraria á igualdade de xénero.

Polo tanto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Pensa o Goberno a reintegración dos 12 millóns entregados “ilegalmente” a estes centros no período 2009-2013?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 25/02/2015 12:45:12

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/02/2015 12:45:18

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Concepción Burgo López, Juan Carlos González Santín, Ricardo Vicente Docasar Docasar, José Ramón Val Alonso, Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En febreiro de 2011, na inauguración do novo Hospital Universitario Lucus Augusti, o presidente Feijoo prometeu solemnemente que as e os cidadáns de Lugo terían os servizos de radioterapia e medicina nuclear nese mesmo ano.

Catro anos despois, nin sequera a tecnoloxía necesaria para poñer en marcha estes servizos de radioterapia e medicina nuclear están licitados. De feito, o concurso para facelo non se abriu ata mediados de 2013, a pesar de que en varias respostas parlamentarias a Consellería de Sanidade afirmaba en 2011 que parte dos aparatos estaban xa licitados. Outra das moitas mentiras que o presidente e as conselleiras de sanidade dixeron sobre estes servizos.

Ante a falta de resposta e a sucesión de promesas incumpridas, as e os veciños presentaron unha ILP no Parlamento de Galicia coa firma de máis de 41.000 persoas, na que se aseguraba a igualdade de condicións de todas e todos os cidadáns, independentemente do seu lugar de residencia, para acceder a todos os servizos sanitarios, entre eles radioterapia e medicina nuclear e se daba un prazo de 12 meses para instalalos.

Esta ILP foi totalmente cambiada a través das emendas do Partido Popular, que despois de dilatar os procedementos parlamentarios nove meses, ampliaba o prazo para a instalación deste servizos a 18 meses. Desta maneira xa a Consellería de Sanidade conseguía 27 meses máis para proceder a posta en marcha de radioterapia e medicina nuclear. Por outra parte, fai pouco os lucenses tivemos coñecemento de que só habería unha máquina de radioterapia e non dous como se prometera, e consideramos que unha soa non vai dar resposta a todas as necesidades da provincia.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O certo é que a Consellería de Sanidade leva a lo menos 4 anos para mercar a tecnoloxía necesaria o que parece un prazo máis que longo. E agora, ante o escándalo que supuxo a alteración da ILP e a continuación das peticións por parte dos cidadáns dos servizos de radioterapia e medicina nuclear, e, seguramente, a proximidade das eleccións municipais, a conselleira de Sanidade, Sra. Mosquera, acaba de afirmar en medios de comunicación que radioterapia e medicina nuclear estarán en funcionamento no HULA antes de rematar o ano 2015.

Entendemos que cando un goberno afirma algo así con total seguridade é que ten perfectamente clara a planificación e o cronograma de posta en marcha destes servizos porque non se entendería que a Xunta de Galicia seguira coas mentiras e que as verbas da conselleira foran simplemente propaganda electoral.

Por iso consideramos que a Sra. Mosquera pode dar todo tipo de detalles sobre a instalación dos servizos de radioterapia e medicina nuclear.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é en detalle o cronograma da instalación dos servizos de radioterapia e medicina nuclear no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo que lle permite afirmar taxativamente a Sra. conselleira de Sanidade que ditos servizos estarán en funcionamento en 2015 tal como o fixo ante diversos medios de comunicación?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2015

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Carlos González Santín
Ricardo Vicente Docasar Docasar
José Ramón Val Alonso
Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Concepción Burgo López na data 25/02/2015 13:07:38

Juan Carlos González Santín na data 25/02/2015 13:07:47

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 25/02/2015 13:07:53

José Ramón Val Alonso na data 25/02/2015 13:07:58

María del Carmen Acuña do Campo na data 25/02/2015 13:08:09

Manuel Vázquez Fernández na data 25/02/2015 13:08:14

Carmen Gallego Calvar na data 25/02/2015 13:08:21

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 25/02/2015 13:08:28



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á persistencia da discriminación dun traballador de Navantia Ferrol.

A denegación a un traballador da factoría Bazán da habilitación persoal de seguridade amosa o grao de paranoia política na que se atopa inmerso o goberno Rajoy.

A resposta do Centro Nacional de Intelixencia, en xullo do 2014, que denega ao traballador a referida habilitación refire como fundamento o apartado 6h da norma NS02 da chamada Autoridade Nacional de Seguridade Delegada onde formula que "os investigados demostraron de obra ou palabra falta de honradez, deslealdade, falta de fiabilidade ou indiscreción".

Apartado sexto que sinala que as persoas investigadas o son "en orde a determinar que o grao de risco que se asume finalmente ao habilitalo resulta aceptable para España". Tan altas verbas apenas agochan máis que baixos propósitos.

Logo de presentadas no Congreso diversas iniciativas en defensa dos dereitos deste traballador, a pobre e elusiva resposta do goberno central (184/062744) confirma os peores temores deste grupo parlamentar. O noso grupo entende que esta circunstancia constitúe un feito moi grave, porque dá razón da instauración da política de listas negras de traballadores e traballadoras en razón da súa filiación política e sindical en empresas públicas. Cómpre subliñar que endexamais o traballador obxecto desta discriminación sufriu sanción nin apercibimento algunha por parte da empresa.

Factoría de propiedade estatal pero cunhas raiceiras indeclinablemente galegas Navantia, este grupo reclama unha actuación da Xunta para pór fin a un veto político sen xustificación algunha, toda vez que o traballador ten unha folla de servizos sen tacha e o goberno do Estado nega resposta vencido o tempo previsto no regulamento do Congreso.

Polo antedito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vai realizar a Xunta de Galicia algunha xestión conducente a levantar o veto político-sindical que delata a denegación da habilitación persoal de seguridade por parte do CNI a este coñecido traballador e militante político e sindical de Navantia Ferrol?

En Compostela, a 25 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 25/02/2015 14:40:02



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao impacto dos recortes de Pemex nas promesas electorais do goberno Núñez Feijóo.

Poucas cuestións sufriron tantas mentiras proferidas tanto tempo por tan poucos altos cargos do PP como o sector naval. Sector orfo dunha planificación estratéxica por parte dos gobernos do PP, que resta sometido ao bambán das coxunturas electorais e sen unha planificación industrial pública que permita aumentar significativamente a carga de traballo e as potencias que latexan nos nosos estaleiros, caso do de Fene ceibe do veto da UE.

Aínda voltou este entroido a viaxar ás Américas o presidente da Xunta para voltar desamascarada sen novos contratos ou investimentos para un elemento estratéxico da nosa industria.

No entanto, as comarcas de Ferrolterra e Vigo pregúntanse con preocupación polo destino dos anunciados recortes nos investimentos de Pemex, empresa que terá que deixar de gastar uns 3.500 millóns de euros. As novas parecen indicar que os proxectos non comezados van ser revisados coas posibles consecuencias negativas que se deriven ora por seren anulados ora por acumularen retrasos.

Este grupo parlamentar pregúntase que van ser dos diferentes anuncios efectuados oportunamente pola Xunta nas previas electorais de novos encargos navais? Ou que vai acontecer cos plans de Pemex para se instalar no porto exterior da Coruña? E que efectos vai ter esta revisión en materia de emprego no noso país?

A Xunta ten que clarexar as declaracións do conselleiro de industria once reconece que a empresa mexicana vaise replantear algúns investimentos. Incluso as extemporáneas declaracións do presidente da Xunta na sesión plenaria de hoxe, onde afirmou que os remolcadores e a flota de baixo calado se van facer, requiren unha aclaración acerca da fonte autorizada que poda aseguralas e que permita evitar caracterizar semellantes afirmacións do presidente como vanas; máis cando o propio conselleiro de industria os pon en dependencia cos armadores e o prezo dos combustibles.

Todo elo cando a plantilla de Navantia segue en subocupación e apenas se crea emprego, en peores condicións e vulnerando os acordos do 2001 en materia de traballo dentro da factoría para as compañías auxiliares, nas industrias auxiliares; cando nada se fai para dotar de novos investimentos e plantilla a Navantia Fene; cando se mantén firme, esta si, a negativa a construír o dique flotante; cando en Vigo xa saben do afundimento do que tería sido flota de grandes buques e nada se sabe da sorte que poidan correr os 3 buques tanque, o atuneiro e o surplay.

A cidadanía galega merece unha explicación fundamentada de como están os compromisos e anuncios de Pemex por parte do goberno galego. Explicación que falla cando abundan incógnitas para un goberno afeito a comprometer os investimentos só en campaña electoral.

En atención ao exposto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Cal é a situación, acreditada documentalmente, de todos e cada un dos anuncios de investimentos realizados polo goberno galego relativos a Pemex ao abeiro das últimas campañas electorais, logo do anuncio en firme, este si, da empresa mexicana de recortar investimentos por valor de 3.500 millóns de euros?

En Compostela, 25 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 25/02/2015 14:59:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

Os datos de Galiza no mes de xaneiro mostran unha perda de 13.000 afiliacións e 7084 parados máis.

A cifra total de parados é, despois deste mes, de 259.002, casi 150.000 máis que cando chegou Feijoo ao goberno da Xunta de Galiza, cando o desemprego significaba o 12,4 %.

En xaneiro, o número de cotizantes sitúase nos 913.329, máis de 242.000 menos que cando Feijóo chegou á presidencia da Xunta.

O 90 % dos contraos rexistrados son temporais, e a metade a tempo parcial, e xa hai unhas 100.000 persoas paradas que teñen experiencia laboral mais non cobran prestacións por desemprego, son parados estruturais.

Galiza perdeu 82.500 ocupados entre a súa mocidade con respecto ao cuarto trimestre de 2009.

A emigración, temporalidade e precariedade son norma neste país onde os dirixentes do Partido Popular atrévense a falar do final da crise.

Porque a pesar da gravidade dos datos de emigración, exclusión social ou paro, tan preocupante é o modelo económico e social que se pretende consolidar como saída á crise.

Un modelo onde se normaliza a precariedade traducido en que un traballo non garantiza poder vivir con dignidade.

O discurso da recuperación económica está baseado no falseamento dos datos para dar unha falsa imaxe de recuperación, que non o é para inmensa maioría da poboación.

E si xa son dramáticas as cifras oficiais, máis dramática é a realidade que pretenden tapar quenes manipulan as cifras.

A norma é traballar por días, por horas, emigrar, ou facer horas extra e non cobralas, constituíndose o precariado ao que se adscriben ocupados e desempregados en situacións prolongadas de precariedade laboral, paro e pobreza material, onde prevalecen a carencia e incertidume na traxectoria económico-laboral.

Por todo o exposto, o deputado do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que con éste conxunto de cifras da situación laboral pódese falar de recuperación económica?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/02/2015 17:09:13

Á Mesa do Parlamento

Jesús Vázquez Abad, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Antonio Mouriño Villar, Enrique Nóvoa López, M^a del Carmen Pardo López e Cristina Isabel Romero Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes en sede parlamentaria as actuacións que ten previsto levar a cabo para a posta en valor da Ponte Romana de Ourense.

A Ponte Romana de Ourense está situada sobre o río Miño, constitúe unha infraestrutura, orixinaria do século I, da época de Augusto, que formaba parte dunha vía secundaria que comunicaba coa vía XVIII (o camiño Bracara - Astúrica). Declarado monumento histórico-artístico no ano 1961.

Adicionalmente a este valor patrimonial e polo tanto cultural debemos ter presente que é un dos principais reclamos turístico da cidade de Ourense tanto por parte dos habitantes da cidade como de turistas ao transcorrer por el a Vía da Prata-Camiño Mozárabe.

Hoxe en día e trala súa peatonalización en 1999 é un dos tres símbolos principais da cidade xunto coas Burgas e a Catedral de San Martín.

Por todo se pregunta:

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Que actuacións ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á limpeza, rehabilitación e posta en valor da Ponte Romana de Ourense?.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Jesús Vázquez Abad na data 25/02/2015 17:39:09

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 25/02/2015 17:39:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/02/2015 17:39:37

Moisés Blanco Paradelo na data 25/02/2015 17:39:42

Antonio Mouriño Villar na data 25/02/2015 17:39:59

Enrique Novoa López na data 25/02/2015 17:40:05

María del Carmen Pardo López na data 25/02/2015 17:40:13

Cristina Isabel Romero Fernández na data 25/02/2015 17:40:19

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, advertido erro no documento con número de rexistro 34191, solicita que se realice a seguinte corrección:

Onde di: “Catedral de San Martín”

Debe dicir:” Catedral de Ourense”

Santiago de compostela, 26 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/02/2015 10:11:18

Jesús Vázquez Abad na data 26/02/2015 10:12:06

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 26/02/2015 10:13:03

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/02/2015 10:13:09

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 26/02/2015 10:16:36

Antonio Mouriño Villar na data 26/02/2015 10:16:44

Enrique Novoa López na data 26/02/2015 10:16:51

María del Carmen Pardo López na data 26/02/2015 10:16:55

Moisés Blanco Paradelo na data 26/02/2015 10:17:03

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos González Santín, Concepción Burgo López, José Ramón Val Alonso, Ricardo Vicente Docasar Docasar, Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández e María Quintas Alvarez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación de abandono na que se atopan os residentes da residencia de As Gándaras.

Os vinte e seis residentes da segunda planta da residencia de As Gándaras están totalmente desatendidos, segundo vén de denunciar o Comité de Empresa do centro. O persoal asegura que a falta de coidados, que os familiares descoñecen, supón que algúns residentes durman vestidos, sentados ou varios nunha mesma cama.

Esta situación dáse, segundo afirmaron, pola política de recortes administrativos que supón que persoas dependentes teñan o mesmo trato que aquelas que están catalogadas como válidas. Tal é así que os anciáns están atendidos pola mañá por unha única auxiliar pero, polas tardes, polas noites e as fins de semana, non teñen persoal asignado para o seu coidado, sendo as e os traballadores doutras plantas os que asumen estas tarefas.

Por outra banda, os facultativos tamén aseguraron que xa puxeron de manifesto, tanto de palabra como por escrito, esta situación ao Goberno galego, que se comprometerá a resolvela antes de que rematase o pasado ano.

Grupo Parlamentario

Ante a gravidade da situación, e dado que estamos ante unha desvinculación fragante por parte da Xunta de Galicia, os deputados e deputadas formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É coñecedora a Xunta de Galicia, e máis concretamente a conselleira de Traballo e Benestar, da situación actual na que se atopan os residentes da residencia de As Gándaras?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2015

Asdo.: Juan Carlos González Santín
Concepción Burgo López
José Ramón Val Alonso
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
María Quintas Alvarez
Deputados e deputadas do G.P.dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos González Santín na data 26/02/2015 17:45:55

María Concepción Burgo López na data 26/02/2015 17:46:03

José Ramón Val Alonso na data 26/02/2015 17:46:08

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 26/02/2015 17:46:18

Carmen Gallego Calvar na data 26/02/2015 17:46:25

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/02/2015 17:46:31

Manuel Vázquez Fernández na data 26/02/2015 17:46:36

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 26/02/2015 17:46:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

En 2013 o presidente da Xunta negociou a venda do estaleiro Barreras á petroleira mexicana Pemex. A venda faise a prezo de saldo, pouco máis de 10 millóns de euros. Ao mesmo tempo Feijóo anunciaba carga de traballo, unha serie de floteis, que serían a salvación de Ferrol e Vigo. Estamos en 2015, Pemex non construíra os floteis, e sobre os traballadores e traballadoras pende a ameaza dun ERE que os pode deixar na rúa. Unha vez máis vemos como o Goberno galego actúa como comercial e non como goberno, confirmándose así que á petroleira mexicana só lle interesaba a tecnoloxía de Barreras, por iso a comprou.

Ante esta situación fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno pola vía de urxencia:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego ante a nova situación de Pemex?

Santiago de Compostela, 2 de marzo 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 02/03/2015 13:27:44



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso e Ramón Vázquez Díaz, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urxente**, relativa

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Os datos do balanço económico de ABANCA, coñecidos a semana pasada, poñen de manifesto, unha vez máis, o escándalo que supuxo a súa venda precipitada a un grupo privado.

Logo de impostos o beneficio acadou a cifra de 1.157 millóns de euros, logo de empregar só un 25% dos créditos fiscais concedidos (556 millóns) sendo o resto beneficio de explotación.

Os beneficios do 2014 supoñen unha cantidade superior ao importe total pola que o grupo financeiro venezolano comprou o banco herdeiro das caixas de aforro. Indicativo da pésima venda dun patrimonio común centenar.

Beneficios privados que se contraponen aos 9.000 millóns de euros públicos inxectados e perdidos para sempre. Socialización de perdas asumida pola nosa cidadanía e perda dunha ferramenta estratéxica para dispor dun instrumento financeiro público galego.

Semella necesario dispor dunha explicación do goberno galego que permita coñecer as razóns dunha venda tan precipitada como onerosa para o noso país.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que responsabilidades vai depurar o goberno galego polo precipitación e as pésimas condicións da venda do banco herdeiro das caixas galegas?

Compostela, a 2 de marzo do 2015.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 02/03/2015 14:15:14

Yolanda Díaz Pérez na data 02/03/2015 14:15:21

Anton Sánchez García na data 02/03/2015 14:15:27

Jose Javier Ron Fernandez na data 02/03/2015 14:15:31

Ramón Vázquez Díaz na data 02/03/2015 14:15:36

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 02/03/2015 14:15:38

Eva Solla Fernández na data 02/03/2015 14:15:40

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luís Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Que valoración fai o presidente dos resultados económicos do ano 2014?

Pazo do Parlamento, 02 de marzo de 2015

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 02/03/2015 11:33:14



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Pregunta ao Presidente:

Vai asumir as súas responsabilidades por defender unha venda de Nova galicia Banco ruinosa para Galiza?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2015

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/03/2015 12:55:43



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Vicevoceira do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, Voceira aos efectos da formulación da pregunta ao Presidente, ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias de 29 de xaneiro de 2002, presenta a seguinte **PREGUNTA dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia, para a súa resposta oral no Pleno.**

- Cales son as razóns que explican que Galicia se sitúe, coas políticas que impulsa ao seu presidente, no furgón de cola dos datos económicos básicos estatais?

En Compostela, a 2 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 02/03/2015 13:40:25

Á Mesa do Parlamento

M^a Carmen Pardo López, Jaime Castiñeira Broz, Santiago Freire Abeijón, Javier Dorado Soto, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Francisco Santos Regueiro e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputada e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes este tema en Sede parlamentaria.

A cooperación transfronteiriza entre cidades e rexións é un dos piares da integración europea, sen dúbida. Así o di a Unión Europea e así o cree o Grupo Parlamentario Popular.

Pero é tamén a oportunidade de converter un espazo rexional cercano nun espazo para os intercambios económicos, e a posta en común daquelo que pode ser mais afín como a lingua ou a cultura no caso de Galicia e Norte de Portugal. Ambas rexións, no marco da Euro-rexión, a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e o resto de institucións e ferramentas deseñadas para o seu impulso teñen constituído exemplo de boa práctica en cooperación transfronteriza, e, moitas das iniciativas e proxectos concretos de cooperación teñen sido considerados boas prácticas pola Comisión Europea.

Hai aproximadamente un ano, en Baiona, durante o Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, se presentaba unha iniciativa pioneira no marco da Euro-rexión: un Plan de Investimentos conxuntos, o PIC, que integra nun documento único a folla de ruta dos investimentos en Galicia e no Norte de Portugal para os próximos anos, potenciando compartir recursos e subliñando as complementariedades de ámbalas dúas rexións.

Trala comparecencia do pasado día 10 de febreiro de 2015 en pleno do sr. Vicepresidente da Xunta e Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre cooperación transfronteiriza, ao Grupo Parlamentario Popular nos queda claro que, con programas como o Iacobus, se atenden varios destes ámbitos, entre outros, temáticas como a educación, a investigación e a innovación, e ámbitos como o da cultura ou o lingüístico. E que por tanto, interesa avaliar, tamén en Sede parlamentaria dado o interese que para todos os Grupos teñen as relacións no marco da eurorexión.

Desde o Grupo Parlamentario Popular, os deputados asinantes, en relación as dúas convocatorias xa realizadas ata o momento, e a espera de que finalice o prazo de execución da segunda, preguntamos:

1. Cal é o balance cuantitativo en termos de número de beneficiarios e tempo invertido dos intercambios?
2. Cal é o balance cualitativo en termos de porcentaxes por tipo de persoal solicitante pero tamén cales as conclusións as que Xunta, CCDR-N e as universidades participantes chegaron?
3. Considera a Xunta de Galicia e os seus socios que sería oportuno repetir esta iniciativa no futuro no marco dos fondos 2014-2020?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Pardo López na data 26/02/2015 12:49:04

Jaime Castiñeira Broz na data 26/02/2015 12:49:57

José Santiago Freire Abeijón na data 26/02/2015 12:50:08

Javier Dorado Soto na data 26/02/2015 12:50:25

Javier Jorge Guerra Fernández na data 26/02/2015 12:50:39

Vidal Martínez-Sierra López na data 26/02/2015 12:50:47

Jose Francisco Santos Regueiro na data 26/02/2015 12:50:54

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 26/02/2015 12:51:01

Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira , Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Íñiguez Martínez e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Goberno galego anunciou fai un ano a súa intención de vincular a política de inclusión coa política laboral. Desá vontade de coordinación, a administración autonómica puxo en marcha a Orde de Contratación dos perceptores da RISGA, unha Orde destinada directamente á contratación das persoas que están percibindo a Renda de Integración Social de Galicia.

O programa púxose en marcha no 2014 de forma pioneira. Na continuidade deste programa, a Xunta vai destinar en 2015 un orzamento de 10 millóns de euros, o que supón duplicar o gasto efectuado no 2014.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia sobre a posta en marcha deste programa?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/02/2015 14:35:51

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 13/02/2015 14:35:57

Marta Rodríguez Arias na data 13/02/2015 14:36:28

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/02/2015 14:36:39

Rosa Oubiña Solla na data 13/02/2015 14:36:45

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2015 14:36:49

Jaime Iñíguez Martínez na data 13/02/2015 14:36:55

Javier Dorado Soto na data 13/02/2015 14:37:00



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o incumprimento do acordo parlamentar sobre a presenza de menores en touradas.

Hai 3 anos o Parlamento galego aprobaba por unanimidade unha iniciativa na que se instaba a Xunta a prohibir a entrada de menores de 12 anos a corridas de touros. Neste tempo o goberno non ten aplicado o acordo parlamentar, e se limitou a dicir que este sería incluído na futura Lei de espectáculos públicos.

Diante disto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cando pensa a Xunta cumprir este acordo do Parlamento?
- Cando trasladará o proxecto de lei mencionado ao Parlamento?
- Cando prevé aprobar esta nova Lei?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 19/02/2015 18:30:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Álvarez e Beatriz Sestayoy Doce, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O sector do comercio durante o ano 2014 optou por a baixada dos prezos, cunha aplicación de fortes descontos aplicados dende o final do verán, xa para enfiar a campaña de natividade, parecía en principio unha boa decisión para animar o consumo nos fogares, moi lastrados pola mingua do poder adquisitivo acumulado durante a crise.

As vendas do comercio minorista en España cerraron o exercicio cun incremento do 0,9 % de media en todo o Estado.

A radiografía rexional, non obstante, nos di que non todos os territorios seguen a mesma tendencia.

A maioría de indicadores que imos coñecendo respecto ao sector servizos en Galicia, o principal motor económico galego, confirma esa atonía, que no caso do comercio deixan unha variación totalmente plana. Van sete anos sen que actividade levante cabeza.

As vendas en decembro un mes de referencia para o sector do comercio, creceron un 3,7 % respecto ao mesmo mes do 2013, segundo o balance do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Os datos de Galicia non son alentadores, sitúannos no cuarto lugar dos peores do país, onde a media de incremento é do 5,1 %.

No conxunto do ano, Galicia volve a figurar no furgón de cola, con esa variación do 0 %.

 Grupo Parlamentario

Este mal dato de 2014 súmase aos pésimos exercicios anteriores, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Que medidas concretas vai adoptar o Goberno galego para parar o deterioro e a perda de vendas do comercio minorista de Galicia?

2ª) Se for o caso, cales van ser estas?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:39:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/02/2015 18:40:10

Beatriz Sestayo Doce na data 19/02/2015 18:40:19

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia vén de aprobar os orzamentos do 2015, durante o debate dos orzamentos a Consellería do Medio Rural e do Mar definiu as principais liñas de actuación da Consellaría.

No relativo aos compromisos adquiridos por parte de Portos de Galicia para o vindeiro ano anunciou unha serie de obras, importantes, aínda que votamos en falta outras que se tiñan anunciado e comprometidas co sector.

As obras que comprometeu a Consellaría como prioritarias levan moitos anos anunciadas, son todas obras menores polo que reflicte unha situación que traslada moitas dúbidas dos compromisos adquiridos polo presidente de Portos de Galicia se poidan levar a cabo.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as obras que se van levar a cabo con cargo aos orzamentos de 2015 nos portos da provincia da Coruña?

2ª) Que orzamentos compromete con cada unha das obras e con cargo a que partida dos orzamentos?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:50:39



 [Grupo Parlamentario](#)

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2015 18:50:49

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/02/2015 18:51:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Parlamento de Galicia vén de aprobar os orzamentos do 2015, durante o debate dos orzamentos a Consellería do Medio Rural e do Mar definiu as principais liñas de actuación da Consellaría.

No relativo aos compromisos adquiridos por parte de Portos de Galicia para o vindeiro ano anunciou unha serie de obras, importantes, aínda que votamos en falta outras que se tiñan anunciado e comprometidas co sector.

As obras que comprometeu a Consellaría como prioritarias levan moitos anos anunciadas, son todas obras menores polo que reflicte unha situación que traslada moitas dúbidas dos compromisos adquiridos polo presidente de Portos de Galicia se poidan levar a cabo.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as obras que se van levar a cabo con cargo aos orzamentos de 2015 nos portos da provincia de Lugo?

2ª) Que orzamentos compromete con cada unha das obras e con cargo a que partida dos orzamentos?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:51:19

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2015 18:51:28

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/02/2015 18:51:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez, deputados pertencentes a Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia vén de aprobar os orzamentos do 2015, durante o debate dos orzamentos a Consellería do Medio Rural e do Mar definiu as principais liñas de actuación da Consellaría.

No relativo aos compromisos adquiridos por parte de Portos de Galicia para o vindeiro ano anunciou unha serie de obras, importantes, aínda que votamos en falta outras que se tiñan anunciado e comprometidas co sector.

As obras que comprometeu a Consellaría como prioritarias levan moitos anos anunciadas, son todas obras menores polo que reflicte unha situación que traslada moitas dúbidas dos compromisos adquiridos polo presidente de Portos de Galicia se poidan levar a cabo.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as obras que se van levar a cabo con cargo aos orzamentos de 2015 nos portos da provincia de Pontevedra?

2ª) Que orzamentos compromete con cada unha das obras e con cargo a que partida dos orzamentos?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 19/02/2015 18:49:56



 [Grupo Parlamentario](#)

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2015 18:50:07

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 19/02/2015 18:50:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Sánchez Bugallo e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dixo onte que MeteoGalicia está a “reorganizarse”. Eufemismo de desmantelarse, o que xa vén acontecendo dende que Feijoo preside o Goberno de Galicia. Tanto é así, que o director xa ten dimitido e parece que o subdirector xeral vai polo mesmo camiño.

Entre os cometidos de MeteoGalicia, están a predición meteorolóxica e marítima de Galicia, e o mantemento da rede de observación meteorolóxica. Tamén a realización dos prognósticos en forma de mapas significativos para a súa difusión a través da web, prensa escrita, radios e televisións (e é que na actualidade, a práctica totalidade dos medios de comunicación de Galicia utilizan a información elaborada por MeteoGalicia. Diariamente aténdense a máis de 50 medios de comunicación, incrementándose esta cifra en situacións adversas meteorolóxicas). Tamén se colabora coa Consellería de Sanidade no Plan de alertas por olas de calor, coa Consellería de Educación para alertas que poidan afectar ás rutas de transporte de escolares e ao peche de colexios ou con Augas de Galicia para o establecemento de alertas por inundacións.

Hai evidencias de que todo ten a súa orixe na proposta de modificación da relación e postos de traballo (RPT) da Consellaría (do mes de abril de 2014), que pretende amortizar 101 prazas de persoal técnico público, das que 10 están ocupadas por persoal laboral indefinido. Iso suporá o despedimento de varios traballadores de MeteoGalicia.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, a Consellaría, segundo fontes periodísticas, di que o persoal que se atopaba nestes postos accedera a eles a través de asistencias técnicas, mentres que agora o goberno pretende convocar as prazas para que entren funcionarios de carreira e así estabilizar o sector da Administración autonómica, sempre tendo en conta eses principios de eficacia e eficiencia. Incluso co descaro de dicir, expresamente, que as “ditas seccións deberán estar cubertas por persoal coa capacidade para dirixir equipos humanos e acometer as amplas, variadas e específicas funcións que estas van ter que desenvolver.”

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos reais da recente dimisión do director de MeteoGalicia e da suposta e futura do subdirector xeral?

2ª) Entende o Goberno galego que coa proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, se van ver alterados, para peor, os cometidos de MeteoGalicia?

3ª) Como consecuencia da modificación da relación de postos de traballo, vanse despedir varios traballadores de MeteoGalicia?

4ª) Entende o Goberno que o persoal que agora fai os traballos non ten capacidade para dirixir equipos humanos e acometer as súas funcións?

5ª) En que vai consistir a reorganización de MeteoGalicia?

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2015



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/02/2015 18:42:58

José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/02/2015 18:43:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández na data 19/02/2015 18:43:22

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A trata de seres humanos constitúe e representa unha das violacións mais graves dos dereitos humanos. Se presenta baixo múltiples formas: tráfico con fins de explotación sexual, prostitución, turismo sexual, matrimonios forzosos, tráfico de órganos ou tráfico de seres humanos con fins de explotación laboral.

Segundo os datos recollidos a nivel da Unión Europea demostran que tres cuartas partes das vítimas identificadas nos Estados membros caen en redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, que representaba o 76% no ano 2010, dos que as mulleres e as nenas son as principais vítimas.

A nivel autonómico a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recolle o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación como unha expresión de violencia de xénero. A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia estipula a dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e as relacións laborais; así como o Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata. Este documento permite dotar de instrumentos para unha axeitada asistencia ás vítimas desta chamada escravitude do século XXI.

Na loita contra esta lacra social que é a Trata de persoas, os deputados asinantes formulamos as seguintes cuestións:

- 1.- Que medidas, actuacións e programas levou a cabo a Xunta de Galicia na loita contra a trata de persoas nos últimos anos?
- 2.- Que orzamento destinou a loita contra a trata, coa finalidade de apoiar a recuperación e integración social e laboral destas persoas?
- 3.- Cantas persoas vítimas de explotación sexual, prostitución e en situación de exclusión social foron atendidas a través dos distintos programas financiados pola Secretaría Xeral de Igualdade?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:07:40

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:07:51

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:08:25

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:08:33

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:08:37

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 20/02/2015 10:08:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:08:49

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:08:58

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A trata de seres humanos constitúe e representa unha das violacións mais graves dos dereitos humanos. Se presenta baixo múltiples formas: tráfico con fins de explotación sexual, prostitución, turismo sexual, matrimonios forzosos, tráfico de órganos ou tráfico de seres humanos con fins de explotación laboral.

Segundo os datos recollidos a nivel da Unión Europea demostran que tres cuartas partes das vítimas identificadas nos Estados membros caen en redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, que representaba o 76% no ano 2010, dos que as mulleres e as nenas son as principais vítimas.

A nivel autonómico a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero recolle o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación como unha expresión de violencia de xénero. A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia estipula a dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e as relacións laborais; así como o Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata. Este documento permite dotar de instrumentos para unha axeitada

asistencia ás vítimas desta chamada escravitude do século XXI.
Na loita contra esta lacra social que é a Trata de persoas, os
deputados asinantes formulamos as seguintes cuestións:

- 1.- Que programas de apoio, recuperación e integración levou a cabo a Xunta de Galicia no tratamento das vítimas de trata e explotación sexual no ano 2014?
- 2.- Cales son as Entidades Colaboradoras cas que traballa a Xunta de Galicia neste ámbito?
- 3.- Que número de persoas foron atendidas por cada unha das entidades colaboradoras nos distintos programas de intervención?
- 4.- Que orzamento se destinou a estas medidas?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:09:35

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:09:43

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:09:54

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:09:59

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:10:03

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 20/02/2015 10:10:09

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:10:13

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:10:21

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Xunta de Galicia fomenta o movemento asociativo mediante a convocatoria de axudas económicas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades e programas específicos dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. En xuño de 2014 foi publicada a orde de axudas con un presuposto de case un millón de euros. Esta convocatoria establecía dúas liñas de axudas: unha destinada a financiar o mantemento dos centros de atención as mulleres, e outra para levar a cabo programas de recuperación integral para mulleres en situación de exclusión social, tales como mulleres reclusas ou drogodependentes, mulleres con discapacidade, inmigrantes, vítimas de trata e vítimas de violencia de xénero.

O pasado mes de novembro a Secretaría Xeral da Igualdade publicaba no DOG a resolución das axudas concedidas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, así como para os programas de apoio e atención integral.

Os deputados asinantes formulan a seguinte cuestión:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Cal é a valoración do Goberno galego sobre as axudas a entidades de iniciativa social?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:21:36

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:21:43

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:23:06

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:23:18

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:23:23

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 20/02/2015 10:23:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:23:33

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:23:54

Á Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Iñíguez Martínez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Potenciar e fortalecer a iniciativa empresarial das mulleres en Galicia e, de xeito especial, apoiar aqueles proxectos cun carácter especialmente innovador que impulsen a competitividade das emprendedoras e pemes galegas. Este é un obxectivo do goberno galego.

Neste sentido, foi asignado un convenio de colaboración entre A Secretaría Xeral da Igualdade, a Fundación EOI e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para o desenvolvemento conxunto do proxecto “Plataforma Emprendemento en feminino”. Este proxecto ten por finalidade facilitar novas ferramentas ao emprendemento innovador feminino co fin de mellorar a competitividade, facilitar a conciliación e corresponsabilidade.

A finais de xaneiro a Secretaria Xeral da Igualdade mantivo unha xuntanza co director da Fundación EOI en Madrid co fin de avaliar os resultados no desenvolvemento deste proxecto para o fomento do emprendemento feminino e innovación das pemes galegas e a “Plataforma emprendemento en feminino”.

Os deputados asinantes formulan a seguinte cuestión:

Cal é a valoración do Goberno galego sobre a Plataforma de Emprendemento en Feminino?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 10:24:41

Marta Rodríguez Arias na data 20/02/2015 10:29:11

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/02/2015 10:29:25

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 10:29:31

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/02/2015 10:29:35

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 20/02/2015 10:29:43

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/02/2015 10:29:47

Javier Dorado Soto na data 20/02/2015 10:29:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns polas que a Xunta de Galiza quere dismantelar MeteoGalicia.

Os pasados días tivemos coñecemento da Dimisión de Vicente Pérez Muñuzuri, Director de MeteoGalicia e Subdirector Xeral de Meteoroloxía e Investigación da Xunta de Galiza. Esta dimisión ten orixe na intención da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) de modificar a RPT. Entre as 101 prazas de persoal público que se prevé amortizar, atópanse 3 que pertencen a MeteoGalicia. Este organismo ven sufrindo un continuo recorte de persoal desde o ano 2011. Desde entón, MeteoGalicia veu reducida o seu cadro de persoal nun 25% mentres dende o Goberno da Xunta se mantiña que "defenden a súa continuidade" fronte á ameaza de desaparición que supuñan as conclusións da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A pesar de que en público a Xunta nega o dismantelamento deste servizo, o certo é que existe tal e como denuncian os seus traballadores e traballadoras un “proceso encuberto de dismantelamento” do servizo meteorolóxico, pois “mentres en público a Xunta afirma apostar por MeteoGalicia, seguen sen dotala de estrutura axeitada para o seu funcionamento e seguen despedindo persoal”.

Or outra banda resulta sospeitoso que os 3 traballadores que Medio Ambiente pretende amortizar, xa foron despedidos no 2011 e tiveron que ser readmitidos por



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

sendas sentenzas xudiciais que recoñecían a nulidade dos seus despedimentos pola vulneración de dereitos fundamentais.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG rexeitamos estas intencións e avogamos por regularizar a situación de todo o persoal e dotar a MeteoGalicia dos medios e recursos precisos para poderen cumprir a relevante labor e servizo público que prestan.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-Que razóns levan á Xunta a continuar despedindo traballadores de MeteoGalicia?

-É consciente a Xunta de Galiza do grave dano social que provoca a destrución de emprego público?

-Ten previsto a Xunta de Galiza desistir do desmantelamento encuberto de MeteoGalicia?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/02/2015 10:51:18

María Tereixa Paz Franco na data 20/02/2015 10:51:25



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de rematar a mellora da estrada LU-641 entre Castroncán e O Incio.

A estrada LU-641 que une Castroncán co Incio, é unha das vías máis importantes para que unha grande parte da veciñanza do Incio e Samos poida acceder a Sarria, que é onde están ubicados a maioría dos servizos comarcais.

Por esa razón foi reclamada a súa mellora polos veciños e veciñas dende hai moitos anos.

Mesmo é unha estrada importante para acceder dende o camiño de Santiago ás terras do Val do Mao, O Incio, A Ferrería e O Courel, e con grande potencial paisaxístico.

Tamén resulta importante para acceder ao Parque arqueolóxico da Serra de Santa Mariña, ao Castro de Formigueiros e ás igrexas románicas do Val do Mao, Hospital, etc.

Despois de moito agardar pola súa mellora, no ano 2009 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciou a elaboración dun proxecto de reforma da estrada LU-641 entre o lugar de Castroncán (Samos) e O Incio, para mellorar as condicións de seguridade da mesma.

O Consello da Xunta de Galiza na súa reunión do 16 de setembro de 2010, aprobou o decreto polo que se dispoñía a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada LU-641, que une Castroncán e O Incio, anunciando a inversión de 7.404.428,07 € para a mellora dos 14,4 kms. Repartidos en tres fases:

1ª Fase Castroncán-Sta. Maria do Mao, cun orzamentado en 2.184.147,29 €

2ª Fase Travesía do Mao cun orzamento de 509.203,96 €

3ª Fase Santa María do Mao-O Incio cun orzamento de 4.711.076,82 €

As obras contempladas no proxecto tiñan un prazo de execución de 12 meses.

Segundo a Consellería de Medio Ambiente coas mellora proxectadas pretendía “aumentar a capacidade da estrada LU-641, principal vía de comunicación entre os concellos de Samos e O Incio, desconxestionar o tráfico e reducir os tempos de percorrido así como mellorar a accesibilidade a empresas e vivendas e unha maior comodidade e seguridade para o tránsito de peóns”.

Tamén o 16 de setembro de 2010 o Consello da Xunta decretaba a utilidade pública do proxecto de construción da “adaptación da estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada, Castroncán-O Incio” e dispoñía a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados. Urxente ocupación xustificada pola “necesidade de mellorar a seguridade viaria ao tratarse dun tramo especialmente sinuoso, pola necesidade de eliminar puntos especialmente perigosos, pola necesidade de aumentar os radios mínimos das curvas, a anchura das rúas e beirarrúas, pola necesidade de mellorar a seguridade vial, a seguridade dunha ponte sobre o río Mao e pola necesidade de protexer aos peóns”.

Lamentabelmente, estamos en febreiro de 2015 e só foron executadas dúas fases (a 2ª e 3ª fase) do proxecto global. Estamos no 2015 e unha parte moi importante dos veciños e veciñas de moitas parroquias dos concellos do Incio e Samos non entenden que



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se tarde tanto en executar a 1ª fase que une Santa María do Mao con Castroncán.

En febreiro de 2015 aínda falla por executar a mellora dun tramo de 6,5 kms. de estrada, case desfeitos e que compre arranxar con urxencia.

Si o Goberno galego no ano 2010 consideraba que era urxente a ocupación duns bens para “adaptar a estrada LU-641 ao Plan de baixa intensidade media diaria”, por ser a principal vía de comunicación entre o concello de Samos e O Incio. Si o Goberno galego no 2010 afirmaba que cumpría mellorar as condicións de seguridade do tramo Castroncán-O Incio, no 2015, non podemos admitir deixar un tramo da estrada sen rematar.

Os veciños e veciñas que usan esta estrada para os seus desprazamentos, no 2015 continúan pensando que sigue sendo “necesario mellorar a seguridade viaria ao tratarse dun tramo especialmente sinuoso, sigue sendo necesarios eliminar puntos especialmente perigosos, sigue sendo necesario aumentar os radios mínimos das curvas, a anchura das rúas e beirarrúas, sigue sendo necesario mellorar a seguridade vial e a seguridade dos peóns”.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tamén entende que compre rematar o tramo de estrada que queda por executar, porque se atopa nun estado lamentábel e resulta perigosa para a circulación de vehículos, porque resulta fundamental para que moitas veciñas e veciños de parroquias do Incio e Samos se poidan desprazar a Sarria, onde se atopan moitos servizos comarcais, e porque o rural galego ten dereito a ter comunicacións dignas.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Cal é a razón pola que aínda non se executou a obra proxectada entre Castroncán e Santa María de Mao?

2.- Considera a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que a 1ª fase da estrada proxectada é menos importante que as outras dúas xa executadas que tamén ían no proxecto?

3.- Cando pensa rematar este tramo de obra, tan necesario para os concellos de Samos e O Incio?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/02/2015 11:29:29

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/02/2015 11:29:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Iglesias Sueiro, deputada do **Grupo Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**:

O colectivo de afectados pola Hepatite C denuncia a perda premeditada de expedientes de solicitude de tratamento para retrasar o acceso aos medicamentos.

A denuncia é gravísima e é por elo que se formulan as seguintes **preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Cal é a explicación do Goberno galego ante estas acusacións de perda premeditada de expedientes con solicitudes de tratamento para doentes de Hepatite C e que retrasan os seus tratamentos?
- Pensa o goberno galego esixir responsabilidades ante unha negligencia tan grave que pon en risco a vida das persoas?
- Como pensa o goberno galego resarcir aos doentes aos que se lles retrasa ou retrasou o tratamento pola perda das súas solicitudes?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015


Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro


Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

1



Carmen Iglesias Sueiro na data 20/02/2015 12:14:16



Á Mesa do Parlamento

M^o Soledad Soneira Tajés, Beatriz Sestayo Doce e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión, 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Por medio de distintos comunicados de prensa, e mesmo a través dos órganos propios do Partido Popular, acabamos de ter coñecemento de que o actual delegado da Xunta de Galicia en Arxentina, D. Alejandro López Dobarro, foi nomeado responsable do Partido Popular neste país.

A nota do propio PP non deixa lugar á dúbidas: *“tratar de realizar un esfuerzo de cara a los comicios previstos para 2015”*

A ninguén se lle pode negar o dereito a militar e compartir o ideario dunha forza política democrática concreta, pero parece fóra de lugar que, a persoa encargada da representación institucional máis importante que ten Galicia no exterior, contamine esa función coa contenda partidaria diaria e electoral.

Diante desta situación, as deputadas e o deputado asinantes, preguntan a Xunta de Galicia:

Cando ten pensado cesar ao actual delegado da Xunta de Galicia en Bos Aires, e substituílo por outra persoa que cumpra a función institucional que tal cargo implica?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: M^o Soledad Soneira Tajés

Beatriz Sestayo Doce

Vicente Docasar Docasar

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

María Soledad Soneira Tajés na data 20/02/2015 10:39:09

Beatriz Sestayo Doce na data 20/02/2015 10:39:19

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/02/2015 10:39:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Isabel García Pacín, José Manuel Balseiro Orol, Agustín Baamonde Díaz, Angel Camino Copa, Vidal Martínez-Sierra López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Jaime Castiñeira Broz, Jaime Íñiguez Martínez, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo e Santiago Freire Abeijón, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o pasado 18 de marzo a Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se adopta decisión favorable para a inscrición da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) *Capón de Vilalba* no Rexistro comunitario de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

As indicacións xeográficas protexidas (IXP) son un elemento fundamental para o mantemento do tecido agroindustrial e, en xeral, para o desenvolvemento rural. O Goberno galego continúa a súa aposta polo impulso e promoción dos produtos galegos de calidade diferenciada, con iniciativas de apoio á produción e comercialización así como o recoñecemento nacional e internacional dos produtos amparados por este selo.

En relación con esta cuestión, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que significa este novo trámite para o Capón de Vilalba como produto amparado por unha IXP?
2. Segundo a nova normativa ¿que condicións deben cumprir o produto amparado á IXP?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

María Isabel García Pacín na data 20/02/2015 14:26:21

José Manuel Balseiro Orol na data 20/02/2015 14:26:44

Agustín Baamonde Díaz na data 20/02/2015 14:26:52

Angel Camino Copa na data 20/02/2015 14:27:02

Vidal Martínez-Sierra López na data 20/02/2015 14:27:23

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 20/02/2015 14:27:34

Jaime Castiñeira Broz na data 20/02/2015 14:27:44

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/02/2015 14:27:56

Rosa Oubiña Solla na data 20/02/2015 14:28:05

Jesús Miguel Prado Patiño na data 20/02/2015 14:28:13

Moisés Blanco Paradelo na data 20/02/2015 14:28:24

José Santiago Freire Abeijón na data 20/02/2015 14:28:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Eladio Pombo Rodríguez e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás necesidades dotacionais en materia educativa do barrio de Novo Mesoiro en A Coruña.

Novo Mesoiro é o barrio da cidade da Coruña máis alonxado do casco urbano. Trátase dun barrio de recente urbanización (iniciouse no ano 2002) que se converteu nun polo de atracción para familias xoves. A 1 de xaneiro de 2014 estaban empadroadas neste barrio máis de 6.800 persoas e calcúlase que a poboación de feito ascende xa a 10.000 persoas. O feito de que no barrio se establecesen maioritariamente parellas mozas provoca un medre continuado da poboación en idade escolar. A 1 de xaneiro de 2014 a poboación menor de 10 anos representaba o 21,68% do total (1.488 nenos e nenas) dos cales o 63,62% son menores de cinco anos. Nun só ano (entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 1 de xaneiro de 2014) a poboación menor de 10 anos incrementouse en 119 persoas, pasando de representar o 20,47% a incrementar o seu peso relativo ata o devandito 21,68%.

Pese a esta situación, o barrio non foi provisto dos equipamentos educativos necesarios para atender á crecente demanda. O colexio público máis próximo é o CEIP Manuel Murguía, con 170 alumnos, situado na localidade veciña de Feáns.

O CEIP Manuel Murguía ten unhas instalacións e unha dotación insuficiente para atender ás necesidades dunha poboación escolar en continuo aumento. O comedor, con capacidade para unhas 50 persoas, é un espazo saturado pese a que se organicen distintas quendas. O centro carece de aula de apoio, as aulas de relixión católica teñen que impartirse na biblioteca (que deixa de estar dispoñíbel para o resto dos/as alumnos/as nesas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

horas), as aulas de relixión evanxélica teñen que impartirse nun relanzo, as aulas de matemáticas na aula de informática...

As limitacións do CEIP Manuel Murguía para atender a demanda crecente fan que moitos/as nenos/as estean escolarizados/as en centros públicos de distintos barrios da cidade, situados no mellor dos casos a 4 quilómetros de distancia, engadindo dificultades a nais e pais para conciliar a vida laboral e familiar. Esta situación provoca tamén que moitas nais e pais opten por escolarizar ás crianzas en centros concertados.

A situación descrita esixe que á maior brevidade se acometa á ampliación e mellora das instalacións do CEIP Manuel Murguía e se proxecten novos equipamentos educativos que atendan a crecente demanda, dotando ao barrio de Novo Mesoiro dun Centro Público Integrado, con educación infantil, primaria e secundaria.

Por todas estas razóns formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-É coñecedora a Xunta de Galiza de que o barrio de Novo Mesoiro na Coruña carece dos equipamentos educativos necesarios para atender a unha poboación en idade escolar en continuo aumento?

-É coñecedora de que o CEIP Manuel Murguía é claramente insuficiente para atender a demanda?

-Sabe a Xunta de Galiza que as limitacións do CEIP Manuel Murguía para atender a demanda fan que moitos/as nenos/as estean escolarizados/as en centros públicos de distintos barrios da cidade, situados no mellor dos casos a 4 quilómetros de distancia, engadindo dificultades a nais e pais para conciliar a vida laboral e familiar?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Sabe a Xunta de Galiza que esta situación provoca tamén que moitas nais e pais opten por escolarizar ás crianzas en centros concertados?

-Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para atender as necesidades de equipamentos educativos do barrio de Novo Mesoiro?

-Vai acometer á maior brevidade á ampliación e mellora das instalacións do CEIP Manuel Murguía de Feáns?

-Vai garantir que esta actuación se inicie no presente exercicio orzamentario?

-Vai incluír na programación de equipamentos educativos a iniciar antes do remate da presente lexislatura a dotación dun Centro Público Integrado no barrio de Novo Mesoiro da Coruña?"

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

Asdo.: **Cosme Eladio Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 23/02/2015 11:14:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2015 11:18
Nº Rexistro: 33920
Data envío: 23/02/2015 11:18:09.323



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/02/2015 11:14:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Ana Belén Pontón Mondelo, Tereixa Paz Franco e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O goberno do PP aprobou en Consello de Ministros unha modificación da *Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo* que deixa as mozas nunha inseguridade a respecto da toma de decisión sobre o seu futuro. As mozas de entre 16 e 18 anos poden traballar, poden casarse, mais non poden decidir sobre o seu corpo.

Polo isto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Considera o goberno necesario modificar a Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo?

2. En caso afirmativo, por que?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Non considera que é unha modificación discriminatoria para as mozas galegas?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Tereixa Paz Franco

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 23/02/2015 11:39:32

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/02/2015 11:39:37

María Tereixa Paz Franco na data 23/02/2015 11:39:43

María Monserrat Prado Cores na data 23/02/2015 11:39:48

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de Motivos

As concentracións parcelarias son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A demanda destes procesos supera amplamente as posibilidades orzamentarias, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva da partida dedicada a concentracións que se vén practicando polo Goberno nestes últimos anos. Concretamente se reduciu nun 68 % dende os primeiros orzamentos que aprobou o presidente Feijoo no ano 2009, a pesares de que sempre se pon o problema da dimensión territorial das explotacións agrarias e o problema territorial en xeral como o principal problema estrutural deste país.

É obvio que os procesos de concentración parcelaria son por si mesmos procesos longos e en moitos casos non exentos de dificultades legais que fan que o proceso se alongue aínda máis, pero é verdade que ese non é o principal problema para que os procesos veñan durando de media case 20 anos. A política levada a cabo polo Partido Popular dende sempre, de abrir procesos sen discriminar, sen priorizar, sen ningún tipo de continuidade orzamentaria, fai que en moitos casos isto supoña un atranco e un freo para moitas explotacións agrogandeiras e para os habitantes das zonas afectadas en xeral.

A inseguridade xurídica, a falla de propiedade real, a ausencia de infraestruturas mínimas para acceder as parcelas prolongadas durante 20 anos, fan que en moitos casos cando o proceso remate xa non poida ser suficientemente optimizado polos interesados que non deron

 Grupo Parlamentario

aguantado a longa espera de tantos anos para poder dispor da ferramenta da terra para desenvolverse.

Isto ocasiona a indignación dos veciños e veciñas afectados que non só sofren ese proceso tan longo coas eivas que iso leva consigo, senón que non contan con ningún tipo de horizonte para poder facer as súas previsións.

Un destes casos é a concentración parcelaria de Parada II no Concello de Ordes, decretada no ano 1991.

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara ao remate do proceso de concentración parcelaria de Parada II no Concello de Ordes?
- 2.ª) Que investimento vén dedicando nos últimos 6 anos a este proceso?
- 3.ª) Cal é a previsión para os vindeiros orzamentos?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 20/02/2015 13:39:22

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 13:39:29

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 13:39:39

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O GDR-20 Ulla-Umia-Lérez vén, dende mediados do ano 2012, arrastrando moitos problemas de xestión que imposibilitaron un normal funcionamento durante un longo período de tempo.

Se acumulan débedas ó persoal técnico do que se acabou prescindindo, a xestión se derivou directamente a AGADER, feito que está poñendo en perigo moitos proxectos xa solicitados, pagos comprometidos a provedores que non son satisfeitos, débedas coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria e, sobre todo, investimentos xa feitos polos solicitantes que contaban co apoio económico destes programas e que agora están en perigo, ou cando menos en suspenso.

A Consellería de Medio Rural firmara, no seu momento, convenios con entidades para a concesión de créditos precisos para o desenvolvemento dos programas, pero esas pólizas non foron renovadas.

A directiva deste GDR-20 está presidida polo alcalde da Estrada, D. José López, que parece non ser quen de clarificar e dar unha explicación lóxica de como se chegou a esta situación.

Ante isto, os deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia con respecto á como se desenvolveu a xestión no GDR-20 Ulla-Umia-Lérez?
- 2.ª) Dende cando e coñecedora AGADER da situación na que se atopaba o estado financeiro deste GDR?

 Grupo Parlamentario

3.ª) Que xestións levou a cabo AGADER para evitar a “desaparición” polo menos a efectos prácticos xa dende o ano 2012?

4.ª) En que condicións se ven desenvolvendo a xestión dos proxectos dende que AGADER asumiu a xestión do GDR?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 20/02/2015 14:10:05

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 14:12:04

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 14:12:13

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación Gandería e Montes**.

As concentracións parcelarias son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A demanda destes procesos supera amplamente as posibilidades orzamentarias, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva da partida dedicada a concentracións que se vén practicando polo Goberno nestes últimos anos. Concretamente se reduciu nun 68 % dende os primeiros orzamentos que aprobou o presidente Feijoo no ano 2009, a pesares de que sempre se pon o problema da dimensión territorial das explotacións agrarias e o problema territorial en xeral como o principal problema estrutural deste país.

É obvio que os procesos de concentración parcelaria son por si mesmos procesos longos e en moitos casos non exentos de dificultades legais que fan que o proceso se alongue aínda máis, pero é verdade que ese non é o principal problema para que os procesos veñan durando de media case 20 anos. A política levada a cabo polo Partido Popular dende sempre, de abrir procesos sen discriminar, sen priorizar, sen ningún tipo de continuidade orzamentaria, fai que en moitos casos isto supoña un atranco e un freo para moitas explotacións agrogandeiras e para os habitantes das zonas afectadas en xeral.

A inseguridade xurídica, a falla de propiedade real, a ausencia de infraestruturas mínimas para acceder as parcelas prolongadas durante 20 anos, fan que en moitos casos cando o proceso remate xa non poida ser suficientemente optimizado polos interesados que non deron aguantado a longa espera de tantos anos para poder dispor da ferramenta da terra para desenvolverse.

Existen moitos casos en Galicia, pero un que pode ser significativo e os procesos que afectan ó Concello de A estrada. Neste concello están abertos catro casos de concentración parcelaria, Val de Vea I, iniciado no ano 1993; Val de Vea II en 1997, Arca-Nigoi 1980, e Codeseda no ano 1972.

Todas elas están en distintas fases, pero sobre todas elas se fixeron “promesas” e se adquiriron compromisos políticos en reiteradas ocasións de prazos de remate amplamente superados.

Isto ocasiona a indignación dos veciños e veciñas afectados que non só sofren ese proceso tan longo coas eivas que iso leva consigo, senón que non contan con ningún tipo de horizonte para poder facer as súas previsións.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta

- 1.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate destes procesos de concentración parcelaria que afectan ó Concello da Estrada?
- 2.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate do proceso de concentración parcelaria de Val de Vea I?
- 3.^a) Que investimento vén dedicando nos últimos 6 anos a este proceso?
- 4.^a) Cal é a previsión para os vindeiros orzamentos?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

Pablo García García na data 20/02/2015 12:01:34

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 12:03:01

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 12:03:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación Gandería e Montes**.

As concentracións parcelarias son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A demanda destes procesos supera amplamente as posibilidades orzamentarias, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva da partida dedicada a concentracións que se vén practicando polo Goberno nestes últimos anos. Concretamente se reduciu nun 68 % dende os primeiros orzamentos que aprobou o presidente Feijoo no ano 2009, a pesares de que sempre se pon o problema da dimensión territorial das explotacións agrarias e o problema territorial en xeral como o principal problema estrutural deste país.

É obvio que os procesos de concentración parcelaria son por si mesmos procesos longos e en moitos casos non exentos de dificultades legais que fan que o proceso se alongue aínda máis, pero é verdade que ese non é o principal problema para que os procesos veñan durando de media case 20 anos. A política levada a cabo polo Partido Popular dende sempre, de abrir procesos sen discriminar, sen priorizar, sen ningún tipo de continuidade orzamentaria, fai que en moitos casos isto supoña un atranco e un freo para moitas explotacións agrogandeiras e para os habitantes das zonas afectadas en xeral.

A inseguridade xurídica, a falla de propiedade real, a ausencia de infraestruturas mínimas para acceder as parcelas prolongadas durante 20 anos, fan que en moitos casos cando o proceso remate xa non poida ser suficientemente optimizado polos interesados que non deron aguantado a longa espera de tantos anos para poder dispor da ferramenta da terra para desenvolverse.

Existen moitos casos en Galicia, pero un que pode ser significativo e os procesos que afectan ó Concello de A estrada. Neste concello están abertos catro casos de concentración parcelaria, Val de Vea I, iniciado no ano 1993; Val de Vea II en 1997, Arca-Nigoi 1980, e Codeseda no ano 1972.

Todas elas están en distintas fases, pero sobre todas elas se fixeron “promesas” e se adquiriron compromisos políticos en reiteradas ocasións de prazos de remate amplamente superados.

Isto ocasiona a indignación dos veciños e veciñas afectados que non só sofren ese proceso tan longo coas eivas que iso leva consigo, senón que non contan con ningún tipo de horizonte para poder facer as súas previsións.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta

- 1.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate destes procesos de concentración parcelaria que afectan ó Concello da Estrada?
- 2.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate do proceso de concentración parcelaria de Val de Vea II?
- 3.^a) Que investimento vén dedicando nos últimos 6 anos a este proceso?
- 4.^a) Cal é a previsión para os vindeiros orzamentos?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Pablo García García na data 20/02/2015 12:04:28

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 12:04:38

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 12:04:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación Gandería e Montes**.

As concentracións parcelarias son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A demanda destes procesos supera amplamente as posibilidades orzamentarias, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva da partida dedicada a concentracións que se vén practicando polo Goberno nestes últimos anos. Concretamente se reduciu nun 68 % dende os primeiros orzamentos que aprobou o presidente Feijoo no ano 2009, a pesares de que sempre se pon o problema da dimensión territorial das explotacións agrarias e o problema territorial en xeral como o principal problema estrutural deste país.

É obvio que os procesos de concentración parcelaria son por si mesmos procesos longos e en moitos casos non exentos de dificultades legais que fan que o proceso se alongue aínda máis, pero é verdade que ese non é o principal problema para que os procesos veñan durando de media case 20 anos. A política levada a cabo polo Partido Popular dende sempre, de abrir procesos sen discriminar, sen priorizar, sen ningún tipo de continuidade orzamentaria, fai que en moitos casos isto supoña un atranco e un freo para moitas explotacións agrogandeiras e para os habitantes das zonas afectadas en xeral.

A inseguridade xurídica, a falla de propiedade real, a ausencia de infraestruturas mínimas para acceder as parcelas prolongadas durante 20 anos, fan que en moitos casos cando o proceso remate xa non poida ser suficientemente optimizado polos interesados que non deron aguantado a longa espera de tantos anos para poder dispor da ferramenta da terra para desenvolverse.

Existen moitos casos en Galicia, pero un que pode ser significativo e os procesos que afectan ó Concello de A estrada. Neste concello están abertos catro casos de concentración parcelaria, Val de Veá I, iniciado no ano 1993; Val de Veá II en 1997, Arca-Nigoi 1980, e Codeseda no ano 1972.

Todas elas están en distintas fases, pero sobre todas elas se fixeron “promesas” e se adquiriron compromisos políticos en reiteradas ocasións de prazos de remate amplamente superados.

Isto ocasiona a indignación dos veciños e veciñas afectados que non só sofren ese proceso tan longo coas eivas que iso leva consigo, senón que non contan con ningún tipo de horizonte para poder facer as súas previsións.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta

- 1.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate destes procesos de concentración parcelaria que afectan ó Concello da Estrada?
- 2.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate do proceso de concentración parcelaria de Arca Nigoi?
- 3.^a) Que investimento vén dedicando nos últimos 6 anos a este proceso?
- 4.^a) Cal é a previsión para os vindeiros orzamentos?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Pablo García García na data 20/02/2015 12:06:21

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 12:06:29

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 12:06:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación Gandería e Montes**.

As concentracións parcelarias son procesos básicos para sentar as bases para a un aproveitamento agrogandeiro-forestal en moitas zonas cun enorme potencial neste eido.

A demanda destes procesos supera amplamente as posibilidades orzamentarias, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva da partida dedicada a concentracións que se vén practicando polo Goberno nestes últimos anos. Concretamente se reduciu nun 68 % dende os primeiros orzamentos que aprobou o presidente Feijoo no ano 2009, a pesares de que sempre se pon o problema da dimensión territorial das explotacións agrarias e o problema territorial en xeral como o principal problema estrutural deste país.

É obvio que os procesos de concentración parcelaria son por si mesmos procesos longos e en moitos casos non exentos de dificultades legais que fan que o proceso se alongue aínda máis, pero é verdade que ese non é o principal problema para que os procesos veñan durando de media case 20 anos. A política levada a cabo polo Partido Popular dende sempre, de abrir procesos sen discriminar, sen priorizar, sen ningún tipo de continuidade orzamentaria, fai que en moitos casos isto supoña un atranco e un freo para moitas explotacións agrogandeiras e para os habitantes das zonas afectadas en xeral.

A inseguridade xurídica, a falla de propiedade real, a ausencia de infraestruturas mínimas para acceder as parcelas prolongadas durante 20 anos, fan que en moitos casos cando o proceso remate xa non poida ser suficientemente optimizado polos interesados que non deron aguantado a longa espera de tantos anos para poder dispor da ferramenta da terra para desenvolverse.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Existen moitos casos en Galicia, pero un que pode ser significativo e os procesos que afectan ó Concello de A estrada. Neste concello están abertos catro casos de concentración parcelaria, Val de Veá I, iniciado no ano 1993; Val de Veá II en 1997, Arca-Nigoi 1980, e Codeseda no ano 1972.

Todas elas están en distintas fases, pero sobre todas elas se fixeron “promesas” e se adquiriron compromisos políticos en reiteradas ocasións de prazos de remate amplamente superados.

Isto ocasiona a indignación dos veciños e veciñas afectados que non só sofren ese proceso tan longo coas eivas que iso leva consigo, senón que non contan con ningún tipo de horizonte para poder facer as súas previsións.

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta

- 1.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate destes procesos de concentración parcelaria que afectan ó Concello da Estrada?
- 2.^a) Que compromiso adquire a Xunta de Galicia de cara o remate do proceso de concentración parcelaria de Codeseda?
- 3.^a) Que investimento vén dedicando nos últimos 6 anos a este proceso?
- 4.^a) Cal é a previsión para os vindeiros orzamentos?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2015

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Pablo García García na data 20/02/2015 12:09:09

Raúl Fernández Fernández na data 20/02/2015 12:09:17

José Ramón Val Alonso na data 20/02/2015 12:09:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación dos servizos de meteoroloxía en Galiza prestados pola AEMET.

A meteoroloxía cumpre unha función relevante para a sociedade, tanto no plano individual como no colectivo. As predicións meteorolóxicas teñen moita importancia, tanto no relativo á seguridade das persoas e as emerxencias ao prever fenómenos con grande capacidade destrutiva, como na actividade económica de sectores con grande peso na economía galega, como o pesqueiro, o agrogandeiro, o turístico ou industrial. De feito, segundo os cálculos oficiais os custes de predición equivalen ao 1% do PIB combinado, porén o retorno económico é de entre o 2% e o 7% do PIB.

Porén na Galiza estase a producir unha continua degradación do servizo que presta a Axencia Estatal de Meteoroloxía AEMET (dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) por mor de dúas causas principais: o impacto das políticas de recorte de persoal, ao non asegurar as ofertas públicas de emprego a reposición dos postos de traballo, e a aposta da Axencia por un modelo de funcionamento cada vez máis centralizado.

Segundo datos do “Registro Central de Personal (RCP)” a plantilla da Axencia viuse reducida no conxunto do Estado en 120 persoas dende abril de 2012 a outubro de 2014, pasando de 1.375 a 1.255 efectivos, é dicir, unha diminución de case un 10%. No caso concreto da Galiza, dos 65 postos de traballo contemplados na Relación de Postos de Traballo, nestes momentos hai 37 postos de traballo a quendas, dos que 7 están sen ocupar.

A precarización do servizo provocada por esta política de persoal é aínda máis grave ao optar a AEMET por unha crecente automatización do servizo (coa conseguinte perda de calidade), recolocar na Axencia a persoas carentes da cualificación desexábel procedentes doutros servizos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos afectados polos recortes e por destinar a totalidade da escasa oferta de emprego público á cobertura de prazas do Grupo A1 en Madrid. en vez de a atender necesidades operativas urxentes.

Esta situación provocou situacións como a que está a sufrir o Observatorio da Coruña. Se antes prestaba servizos de observación e predición as 24 horas do día, na actualidade só presta servizos de observación durante 17 horas e de predición durante 15h.

De feito, as políticas descritas están poñendo en perigo a propia pervivencia do servizo na Galiza e do coñecemento acumulado ao longo de tantos anos. A media de idade na delegación galega da AEMET é de 54 anos. De manterse as actuais taxas de reposición practicamente nulas, pode producirse o colapso das unidades con persoal a turno (produción) en menos de 6 anos.

Ademais esta situación vese agravada ao ter adoptado a AEMET un novo modelo de organización territorial e de especialización por áreas de servizo que responde a un esquema centralista absolutamente irracional.

Para algunhas funcións se dividiu o Estado Español en 5 zonas (Norte, Interior, Este, Sur e Canarias) con centro en Madrid, ficando Galiza subsumida na zona norte. En virtude deste modelo nestes momentos compete á delegación de Galiza a predición marítima costeira en toda a fachada atlántica do Estado español (incluída a cornixa cantábrica, a costa atlántica andaluza e Canarias) e a predición en alta mar entre o Gran Sol e o Golfo de Guiné. Porén, no que atinxe a outras funcións, fican só na delegación de Galiza tarefas de observación, pasando a depender as predicións aeronáuticas dos aeroportos galegos de Santander e as predicións terrestres e avisos non costeiros de Madrid. Tense centralizado tamén o banco de datos climatolóxicos e a distribución dos produtos aos usuarios por todos os medios (web, mail, fax, consultas telefónicas...).

En definitiva, en aplicación deste modelo, as predicións meteorolóxicas da costa fanse en Galiza mais as do interior de Galiza en Madrid. A observación das condicións meteorolóxicas en Lavacolla, Peinador e Alvedro fanse en Galiza, mais as predicións que afectan aos nosos aeroportos fanse en Santander. Incluso as bases de datos meteorolóxicos de Galiza están agora en



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Madrid.

Trátase dun modelo irracional, que parece ignorar a diversidade climática existente no territorio do Estado español e que o clima galego rexistra particularidades e especificidades que esixen contarmos con capacidade para podermos realizar unha boa predición meteorolóxica e podermos avanzar no estudo en profundidade da evolución dos fenómenos meteorolóxicos específicos da nosa nación. É irracional un modelo que desaproveita o coñecemento acumulado por parte dos nosos técnicos dos factores que inciden no clima local. Estudos realizados por persoal da Delegación de AEMET en Galiza reflicten unha baixada moi marcada da fiabilidade dos avisos de precipitación, situando claramente o punto de inflexión no momento do traslado das súas competencias.

A Constitución establece no seu artigo 149.1.20 a competencia exclusiva do Estado en relación cos servizos meteorolóxicos. Porén o artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. É dicir, o feito de non conter o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza a referencia á esta competencia non evita que esta pode ser transferida polo Estado.

Por todas estas razóns formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Coñece a Xunta de Galiza a continua degradación do servizo que presta a Axencia Estatal de Meteoroloxía AEMET en Galiza por mor do impacto das políticas de recorte de persoal e a aposta da Axencia por un modelo de funcionamento cada vez máis centralizado?

-Vai esixir ao Goberno do Estado a realización dunha oferta pública de emprego que cubra as necesidades integrais do servizo?

-Considera racional a Xunta de Galiza un modelo onde as predicións meteorolóxicas da costa fanse en Galiza mais as do interior de Galiza en Madrid?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera racional a Xunta de Galiza un modelo onde a observación das condicións meteorolóxicas en Lavacolla, Peinador e Alvedro fanse en Galiza, mais as predicións que afectan aos nosos aeroportos fanse en Santander?

-Considera racional a Xunta de Galiza un modelo onde incluso as bases de datos meteorolóxicos de Galiza están e se administren dende Madrid?

-Vai esixir ante o Goberno do Estado que a Delegación en Galiza desenvolva de xeito integral todas as funcións no eido marítimo, terrestre e aeronáutico?

-Vai reclamar ante o Goberno do Estado a transferencia dos servizos meteorolóxicos de ámbito estatal situados no territorio de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Viceportavoz do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/02/2015 18:38:16

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/02/2015 18:38:24

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Ramón Vázquez Díaz, membros do **grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión I**, relativa aos medios humanos e materiais suprimidos no xulgado de instrución número 1 de Lugo.

A sociedade galega non sae do seu abraio no tocante as innumerables causas xudiciais nas que se atopan inmersos numerosos representantes públicos, quen abusando do seu cargo, teñen empregado as institucións cidadás en beneficio e lucro propio.

Alternativa Galega de Esquerda ven reclamando dende hai tempo máis medios para a administración de xustiza, no referente aos recursos materiais dos xulgados e no que respecta a dotación de efectivos persoais para conseguir unha xustiza verdadeiramente efectiva.

A falla de medios materiais, de cadros de persoal e de tempo para proceder en condicións axeitadas ao progreso en causas de corrupción moi complexas facilita as tramas de corrupción certa impunidade e aos partidos que as amparan unha tregua temporal.

AGE ten insistido unha e outra vez, na necesidade de crear unha Fiscalía Anticorrupción na liña do establecido pola Fiscalía do tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dende onde se extrae “como principal conclusión, a carencia de estruturas especializadas para a abordaxe deste tipo de criminalidade complexa, xeralmente cometida con sofisticados recursos”.

Ter máis medios e axilizar as causas, son elementos necesarios para combater de raíz a corrupción político-empresarial, polo que a Xunta de Galicia ten corresponsabilidades en conseguir os medios necesarios para loitar contra a corrupción político-empresarial se é que realmente quere acabar con esta lacra que tanto está a afectar a nosa sociedade.

Mais a pesar de todas estas e outras evidencias, o goberno galego está a someter a un verdadeiro plan de recorte e asfixia ao xulgado de instrución número 1 de Lugo,

sobrecargándoo de traballo e impedindo que se resolvan con celeridade as causas nas que se atopa traballando.

A principios do mes de xaneiro o xulgado de instrución número 1, perdeu o Xuíz de reforzo que tiña adscrito, pouco despois quedou sen a secretaria titular e máis recentemente perdía dúas funcionarias dependentes da Xunta de Galicia. Todo un réxime de adelgazamento do cadro de persoal dun Xulgado cunha importante actividade na loita contra a corrupción existente noso país.

Resulta indecente que dende as mesmas instancias e persoas que reclaman a celeridade nas actuacións xudiciais, se estea a obstruír a acción da xustiza pola vía do recorte de medios humanos e materiais. Pero máis grave é se cabe, que dende instancias oficiais se acometan recortes que afectan a investigacións nas que están implicadas institucións públicas e os seus responsables.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión I:

- Non valora a Xunta o dano causado ao crédito das institucións públicas coa medida adoptada de dismantelar de facto os reforzos que auxiliaban ao xulgado de instrución 1 de Lugo, que tramita a maior trama de corrupción político-empresarial descuberta en Galicia?
- Vaise dirixir a Xunta ao Consello Xeral do Poder Xudicial a fin de que nomee novamente un xuíz de reforzo?
- Comprométese o goberno galego a que cando se nomee un xuíz de reforzo se complemente cun cadro de persoal equivalente a un xulgado de número, é dicir, tres xestores, tres tramitadores e un auxilio xudicial?
- Garante a Xunta de Galicia que en tanto non suceda se repoña de inmediato a situación anterior, dirixíndose á Comisión Mixta e á Dirección Xeral a fin de que revogue a resolución de cese?

En Compostela, a 24 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz



Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 24/02/2015 11:42:26

Yolanda Díaz Pérez na data 24/02/2015 11:42:30

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA**

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727